



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Lingua e Literatura inglesas

Curso Académico: 2016-2017

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Lingua e Literatura inglesas
Mencións/Especialidades	Non
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Non
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (Verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	15/09/2017

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se especifica no *Informe de Renovación de la Acreditación do Grao en Lingua e Literatura Inglesas* (en diante IRA GLLI 2015-2016) (p. 3), así como no apartado 2 ("Justificación, adecuación de la propuesta y procedimientos", p. 5; y Anexos: Apartado 2, p. 13-15) da *Memoria de Verificación* vixente do título, esta titulación segue respondendo ás demandas da sociedade no momento actual no que a lingua inglesa segue a utilizarse como lingua franca ou internacional nos máis diversos ámbitos. Tal situación xustifica a vixencia dunha titulación que dota os seus graduados non só dun coñecemento de alto nivel do uso da lingua inglesa, senón tamén dunha aproximación ben definida a relevantes aspectos da realidade cultural no ámbito anglófono en toda a súa diversidade e do xeito máis completo posible. A relevancia desta titulación está avalada pola existencia de titulacions semellantes na maioría das universidades do mundo e, dentro do ámbito dos estudos de tipo filolóxico na propia Universidade de Santiago de Compostela, segue a ser a titulación máis atractiva entre o estudantado se atendemos aos datos dispoñibles sobre o número de estudantes matriculados e o número de solicitantes de nova matrícula.

EVOLUCIÓN DOS DATOS DE MATRÍCULA

A evolución dos datos relativos á matrícula en xeral confirma o interese do estudantado pola titulación:

- o número de prazas ofertadas mantense estable desde o curso 2011-2012 no que se estableceu unha limitación de 100 prazas ofertadas (IN01-PC-05), limitación motivada polo desaxuste entre a previsión rexistrada na Memoria de Verificación de 65 alumnos de novo ingreso para 2010-2011 e a matrícula real de novo ingreso nese curso cando o número de matriculados se elevou ata 198 sobrepasando as capacidades da titulación para impartir unha docencia de calidade (IN04-PC-05). Para máis información sobre a implantación desta limitación pódense consultar os Informes de Seguimento do GLLI dos cursos 2010-2011 (pp. 16, 19) e 2011-2012 (p. 16).
- o número total de matriculados segue un progreso ascendente desde a implantación do título, progreso que se mantivo no curso 2016-2017 cando o número total de matriculados no GLLI foi de 476 fronte aos 467 do curso anterior (IN02-PC-05).
- o número de estudantes que se matricularon no plan de estudos por primeira vez, é dicir, a matrícula de acceso, no curso 2016-2017 foi lixeiramente inferior á do curso anterior: 109 fronte aos 111 do curso 2015-2016. Estas fluctuacións débense ao sistema de chamamento á matrícula que utiliza a CIUG. Séguese observando unha tendencia á estabilización na matrícula de acceso que no curso 2014-2015 fora de 108. Dos 109 matriculados de novo acceso, 95 fixérono a través das PAAU (101 en 2015-2016), 2 a través de estudos de FP (1 en 2015-2016), 9 por continuación de estudos (traslado) (6 en 2015-2016), 2 a través de adaptación de plans de estudos en extinción (2 tamén en 2015-2016) e 1 como maior de 45 anos (IN03-PC-05).

- o número de matriculados de novo ingreso foi de 101, tamén lixeiramente inferior ao mesmo dato do curso 2015-2016, cando tal número foi de 105 (IN04-PC-05). Como consecuencia, tamén se experimenta un lixeiro descenso na Taxa de ocupación que pasa de 105 en 2015-2016 a 101 en 2016-2017 (IN12-PC-05). Tales descensos non parecen significativos, dado que os datos seguen no entorno dos 100 estudantes correspondentes ás prazas ofertadas. Resulta ademais satisfactorio o aumento na relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas, que pasa de 86 no curso 2015-2016 a 90 no curso 2016-2017 (IN10-PC-05), o que sen dúbida resalta o incremento do interese na titulación entre os alumnos matriculados por primeira vez.
- a capacidade de captación de alumnado tamén vén corroborada polo aumento no número total de solicitudes de novo ingreso que pasou de 361 en 2015-2016 a 374 en 2016-2017: 365 xeral (351 Bacharelato, 14 Formación Profesional), 5 titulados universitarios, 1 maior de 45 anos, 1 deportista de alto nivel e 2 discapacitados. O GLLI era a primeira opción en 129 destas solicitudes, a segunda opción en 82 e a terceira en 77 (2501099_INF.CIUG_2016-2017).
- o aumento na porcentaxe de alumnos estranxeiros sobre o total de alumnos matriculados que pasa de 1.71% en 2015-2016 a 2.52% en 2016-2017, o que en números absolutos supón un aumento de 8 alumnos en 2015-2016 a 12 en 2016-2017 (IN08-PC-05), suxire un incipiente crecemento do interese pola titulación entre o estudantado procedente doutros países. Tamén aumentou, aínda que dun xeito máis lixeiro, a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre o número de matriculados, que pasou de 1.28% no curso 2015-2016 a 1.68% no curso 2016-2017, o que en números absolutos supuxo un aumento de 2 estudantes, pasando de 6 en 2015-2016 a 8 en 2016-2017 (IN09-PC-05). Estes incrementos son limitados, pero marcan unha tendencia constante de crecemento que debería de confirmar o interese despertado pola titulación fóra dos límites autonómicos.
- en claro contraste cos datos anteriores, a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC a través de programas de mobilidade sobre o total de matriculados volve a descender dun xeito bastante drástico, pasando de 6.21% en 2015-2016, cun total de 29 estudantes recibidos, a 3.78% cun total de 18 estudantes recibidos en 2016-2017. Esta tendencia descendente agrávase se se ten en conta que no curso 2014-2015 a porcentaxe era de 9.7%, cun total de 45 estudantes recibidos, e que os datos do curso 2016-2017 (tanto a porcentaxe como o número absoluto) son os máis baixos desde o curso 2010-2011 (IN18-PC-08). Para poder acometer melloras neste aspecto resulta necesario analizar as posibles causas deste descenso, algo que non se pode levar a cabo no momento presente, porque seguimos sen contar con respostas na enquisa de satisfacción de estudantes entrantes cos programas de mobilidade: o IRA GLLI 2015-2016 incluía unha Acción de Mellora (AM-12) que tiña como propósito aumentar o nivel de participación nesta enquisa. Como se explica no CRITERIO 7, apartado 7.2 e na sección Plan de Melloras, apartado 3.1 do presente informe, tal acción non foi executada e por iso no informe actual propoñemos unha acción de mellora nova que retoma a anterior non executada cunha lixeira remodelación das tarefas asignadas (ver sección Plan de Melloras, apartado 3.1: AM-12 do IRA GLLI 2015-2016).
- como xa se constatará no *Informe de Renovación de la Acreditación* (IRA GLLI 2015-2016), o GLLI ofertado pola USC tamén esperta interese entre estudantes da comunidade autónoma procedentes de zonas de influencia directa doutras universidades que ofrecen títulos similares: tomando a modo de exemplo os municipios máis populosos, no curso 2016-2017 entre os estudantes do GLLI da USC houbo 15 procedentes do concello de A Coruña (16 no curso 2015-2016), 17 procedentes do concello de Ferrol (12 en 2015-2016), 22 procedentes do concello de Ourense (23 en 2015-2016), 24 procedentes do concello de Pontevedra (24 en 2015-2016) e 24 procedentes do concello de Vigo (24 en 2015-2016) (2501099_INF.16_2016-2017). Neste senso resulta importante engadir, ademais, que, segundo o informe da CIUG, 43 dos matriculados de novo ingreso do curso 2016-2017 precedían da provincia da Coruña, 40 da provincia de Pontevedra, 10 da provincia de Lugo e 4 da provincia de Ourense (2501099_INF.CIUG_2016-2017), de xeito que o número de alumnos procedentes das provincias de Pontevedra, Lugo e Ourense superou o número de alumnos da provincia da Coruña. Tal interese parece confirmar o atractivo do GLLI entre o estudantado.

Como xa se especificaba no *Informe de Renovación de la Acreditación* (IRA GLLI 2015-2016), estes datos confirman o

interese que a titulación esperta entre os estudantes, o que corrobora a súa vixencia e utilidade no mundo e na sociedade actual. De xeito semellante, confirman o acerto dos procedementos utilizados para a difusión e promoción da titulación, tal e como aparecen descritos na *Memoria de Verificación* (Anexos: Apartado 4, p. 27).

ADECUACIÓN DO PERFIL FORMATIVO/EGRESO: SATISFACCIÓN DOS EGRESADOS

Os resultados en xeral positivos das enquisas de satisfacción dos egresados parecen constatar a adecuación do perfil formativo:

- non se observan variacións significativas nos valores dos indicadores de satisfacción dos egresados no curso 2015-2016 con respecto aos valores de cursos anteriores e con respecto aos valores medios da USC: mentres que o grao de satisfacción dos egresados cos servizos aumentou considerablemente con respecto ao dato do curso anterior, xa que pasou de 3,1 en 2014-2015 a 3,97 en 2015-2016 (IN33-PS-03), tanto o grao de satisfacción xeral como o grao de satisfacción coa información descendeu de xeito pouco significativo: o grao de satisfacción xeral pasou de 3,45 en 2014-2015 a 3,32 en 2015-2016 (IN42-S01-PM-01), e o grao de satisfacción coa información pública dispoñible pasou de 3,07 en 2014-2015 a 2,98 en 2015-2016 (IN23-PC-12). Dos 19 ítem avaliados referentes á satisfacción coa titulación e o centro, 11 superan a media da USC e 5 son inferiores á media da USC en menos de 3 décimas; dos tres aspectos restantes, a valoración da formación práctica mantense constante con respecto aos cursos anteriores (2,19 en 2013-2014, 2,34 en 2014-2015, e 2,3 en 2015-2016), aínda que moi por debaixo da media da USC, que pasou de 2,34 en 2014-2015 a 3,64 en 2015-2016; a diferenza na valoración da capacidade de aprendizaxe autónoma non chega a medio punto, sendo 3,30 o dato da titulación fronte ao 3,79 da USC; e a capacidade de traballo en equipo foi valorada cun 2,80 no caso da titulación, fronte ao 3,50 da USC, o que si supón ademais un importante descenso con respecto aos cursos anteriores (3,57 en 2013-2014 e 3,50 en 2014-2015): de manterse esta situación en cursos vindeiros deberíase levar a cabo unha reflexión sobre a situación. No extremo contrario, a titulación supera a media da USC sobradamente na valoración da formación teórica (4 foi a valoración da titulación fronte a 2,56 na USC), na valoración da contribución da titulación á capacidade de comunicación oral e escrita (4 na titulación fronte a 3,35 na USC), na valoración do grao de contribución das prácticas externas á formación (5 na titulación fronte a 3,82 na USC), na valoración do grao de contribución dos programas de mobilidade á formación (5 na titulación fronte a 4,13 na USC), na valoración da satisfacción coas infraestruturas e materiais do centro (4 na titulación fronte a 2,85 na USC) e na valoración da biblioteca (4,5 na titulación fronte a 4 na USC) (2501099_INF.09_2016-2017).
- chama a atención o descenso na porcentaxe de participación que pasou de 46,77% no curso 2014-2015 a 16,95% no curso 2015-2016 (2501099_INF.09_2016-2017). Tal descenso foi probablemente motivado pola modificación do calendario habitual como consecuencia do proceso de renovación da acreditación, que tivo lugar no curso 2016-2017: no *Informe de Seguimento* do curso 2014-2015, entregado en novembro de 2015 dentro dos prazos oficiais, propoñíase unha Acción de Mellora (AM-2.1) para "Promover a participación dos egresados/-as na Enquisa de Satisfacción de Egresados/-as mediante envío de mensaxes de correo electrónico aos estudantes que defenderon o TFG nas oportunidades de xullo e setembro de 2015", tarefa que tiña como data de finalización o 24/11/2015. A realización de tal Acción de Mellora probablemente contribuíu ao crecemento da porcentaxe de participación na enquisa de satisfacción para o curso 2014-2015. Os prazos oficiais para a elaboración do IRA (curso 2015-2016) retrasáronse ata finais de xaneiro de 2017, de tal xeito que o prazo para dar resposta á enquisa de satisfacción dos egresados xa tiña rematado cando se elaborou o informe e, aínda que os egresados no curso 2015-2016 recibiron información sobre a enquisa, non se levou a cabo unha acción específica por parte da coordinación do GLLI para animar á participación nela. Espérase que tal situación teña sido solventada no caso dos egresados do curso 2016-2017 de novo por medio do envío de candanseu e-mail o 11 de novembro e o 23 de novembro de 2017 por parte da coordinación do GLLI animando aos egresados a participar na enquisa no período oficial, dando cumprimento ao compromiso reflectido no documento *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas* (p. 7 y 12) para o curso 2017-2018.

ADECUACIÓN DO PERFIL FORMATIVO/EGRESO: DATOS DE INSERCIÓN LABORAL

Os resultados de inserción laboral cos que contamos corresponden ao ano 2016 e refírense á cohorte de egresados de 2013-2014 (I13: 2501099_EIL-SIIU_2015-2016 "Resultados de inserción laboral"), é dicir, son os mesmos

resultados cos que contabamos o curso pasado e polo tanto só cabe remitir á reflexión incluída no IRA GLLI 2015-2016 (p. 7), onde concluímos que “aunque los datos de inserción laboral no son todo lo alentadores que sería deseable, sí arrojan una evolución positiva hacia la estabilidad laboral, la mejora de los contratos y el reconocimiento de la formación académica. En este sentido es destacable que incluso en el segundo año casi el 60% tengan reconocida su categoría como graduados universitarios en sus contratos laborales” (IRA GLLI 2016-2017, p. 7).

Por todo isto considérase que o título desde os puntos de vista académico, científico e profesional segue a manter plenamente a súa validez nos termos formulados na Memoria de Verificación.

O acceso e admisión de estudantes véñse realizando conforme se indica na Memoria de Verificación do título e no SGIC do Centro, en particular nos documentos MC-05 (Políticas e procedementos de admisión) e PC-04 (Captación de estudantes).

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de Verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de Verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de Verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

OFERTA DE MÓDULOS, MATERIAS, ASIGNATURAS

Como indicamos no IRA 2015-2016, en xeral, estanse a cumprir fielmente os compromisos formulados na Memoria de Verificación do título con respecto á estrutura do ensino, á programación e posta en marcha das diferentes materias e módulos que compoñen o plan de estudos e ás metodoloxías de ensino-aprendizaxe proxectadas. A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de Verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións debidamente analizadas no IRA 2015-2016 (p. 8).

Cómpre destacar no presente informe que no curso 2016-2017 tras levar a cabo o procedemento legalmente establecido, procedeuse á incorporación de dous cambios interrelacionados no plan de estudos do GLLI que afectaron aos módulos complementario “Filoloxía clásica I” e optativo “Filoloxía Clásica II”: as materias do Módulo complementario “Filoloxía clásica I” pasaron a constituír o módulo optativo “Filoloxía clásica II”, e as materias do módulo optativo “Filoloxía clásica II” pasaron a converterse en materias do módulo complementario “Filoloxía clásica I” tal e como se describe nas seguintes táboas:

Na actualidade: Módulo complementario: Filoloxía clásica I	Modificación: Módulo optativo: Filoloxía clásica II
Textos gregos I, 2º curso, 1º semestre Textos gregos 2, 2º curso, 2º semestre Textos latinos 1, 3º curso, 1º semestre Textos latinos 2, 3º curso, 2º semestre	Textos gregos I, 3º curso, 1º semestre Textos gregos 2, 3º curso, 2º semestre Textos latinos 1, 4º curso, 1º semestre Textos latinos 2, 4º curso, 2º semestre
Na actualidade: Módulo optativo: Filoloxía clásica II	Modificación: Módulo complementario: Filoloxía clásica I
Literatura grega 1, 3º curso, 1º semestre Literatura latina 1, 3º curso, 2º semestre Literatura grega 2, 4º curso, 1º semestre Literatura latina 2, 4º curso, 2º semestre	Literatura grega 1, 2º curso, 1º semestre Literatura latina 1, 2º curso, 2º semestre Literatura grega 2, 3º curso, 1º semestre Literatura latina 2, 3º curso, 2º semestre

Esta modificación está debidamente recollida e xustificada máis abaixo na sección Modificacións do plan de estudos do presente *Autoinforme de seguimento*. O cambio foi aprobado pola Xunta de Facultade con data 08/05/2017 (E5_GLLI_Actas Xunta Facultade_2016-2017).

TIPOLOXÍA DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

A tipoloxía das actividades formativas no curso 2016-2017 axustouse á descrición exposta na Memoria de Verificación tal e como se explica máis detalladamente no IRA GLLI 2015-2016 (p. 9-10). Como xa se constatou neste informe, así como nos Informes de seguimento do GLLI dos cursos 2010-2011 (p. 21/22), 2011-2012 (p. 21/22), 2012-2013 (p. 21/22) e 2013-2014 (p. 17), a implantación das titorías programadas segue a constituír un problema organizativo en parte debido a que non son recoñecidas como actividade docente plena no POD. Durante o curso 2016-2017 non se produciron cambios significativos na tipoloxía das actividades formativas.

PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS

Como se pode comprobar consultando os programas das materias (<http://www.usc.es/gl/Centros/filoloxia/programas.html?plan=12870>), as actividades académicas, así como as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación vixentes, buscan garantir a consecución das competencias (básicas, xerais e específicas) da titulación referidas no Apartado 3 da Memoria de Verificación (p. 5-6). En cada curso, os estudantes teñen ao seu dispor na web unha versión máis completa e detallada destes programas en forma de Guía Docente que poden consultar no seguinte enlace: http://www.usc.es/gl/Centros/filoloxia/guiaCentros/graio_ingles.html. Os bos resultados manifestados polos estudantes na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida nos aspectos relacionados coa programación docente suxiren a percepción positiva por parte do estudantado do desenvolvemento de tal programación: o aspecto "Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente" obtivo en 2016-2017 un satisfactorio valor de 4,06, e o aspecto "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto" obtivo un 4,10 (2501099_INF.13_2016-2017). Tamén foi positivo o resultado acadado polo aspecto "A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación da aprendizaxe" no Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación: 3,27 fronte a 2,97 de media na USC (2501099_INF.22_2016-2017).

A pesar do constante esforzo por manter unha programación das materias axeitada aos requirimentos da titulación expresados na Memoria de Verificación e dos resultados positivos das enquisas de satisfacción do alumnado, no *Informe final de avaliación para la renovación de la acreditación* del GLLI a subcomisión avaliadora considerou que se detectaban "desajustes entre la memoria verificada del grado y las guías docentes publicadas en la web, sobre todo en lo que respecta a contenidos, competencias y sistemas de evaluación. Se deben revisar las guías docentes para garantizar al máximo ese ajuste o revisar la memoria, por si fuera necesario realizar una modificación por el procedimiento legal establecido" (p. 4). Por tal motivo a comisión do GLLI acordou proporner unha Acción de Mellora (AM-01) consistente no "Establecimiento de un protocolo de actuación para la detección de desajustes entre programación docente y memoria de Verificación del título. Adopción de medidas de cara a asegurar el necesario ajuste entre la memoria verificada y la programación docente de las distintas asignaturas que se imparten en el título" (p. 4). Tal proceso de revisión está en marcha no momento actual dentro do período indicado para a súa realización (outubro 2017-xullo 2018) no plan de melloras proposto pola comisión do GLLI no documento *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas* aprobado o 23/06/2017 pola Comisión de Título de GLLI e o 26/06/2017 pola Comisión de Calidade do Centro.

SATISFACCIÓN COA PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS, OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

"A organización temporal das materias no plan de estudos", "A proporción entre as sesións teóricas e as prácticas da titulación" e "O desenvolvemento das ensinanzas da titulación" obtiveron valores moderadamente positivos e superiores á media da USC no Informe das enquisas de satisfacción do alumnado sobre a titulación: os valores respectivos foron 2,65 fronte a 2,47 de media na USC, 3,08 fronte a 2,73 de media na USC, 3 fronte a 2,89 de media na USC (2501099_INF.22_2016-2017). Curiosamente, estes mesmos aspectos obtiveron valores máis claramente positivos pero non sempre superiores á media da USC no caso do Informe das enquisas de satisfacción do

profesorado coa titulación: os valores foron respectivamente 4,09 fronte a 3,83 de media da USC, 3,64 fronte a 3,82 de media da USC e 3,82 fronte a 3,89 de media da USC (2501099_INF.23_2016-2017).

Con respecto aos obxectivos e competencias, tanto o alumnado como o profesorado amosan un nivel de satisfacción lixeiramente superior á media da USC. O alumnado valora as competencias adquiridas cun 3,42 fronte á media da USC que foi de 3,20 (2501099_INF.22_2016-2017), e por parte do profesorado a valoración da información dispoñible sobre os obxectivos xerais e as competencias do plan de estudos foi de 4,18, lixeiramente superior á media da USC (4,13), e a valoración das competencias do plan de estudos foi de 4,09, tamén superior á media da USC (3,96). Esta valoración baixa un pouco no caso da satisfacción coas competencias adquiridas polo alumnado, que foi de 3,55, lixeiramente máis baixa que a media da USC (3,73), e no caso da adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do alumnado, que foi valorado cun 3,46, tamén lixeiramente máis baixo que a media da USC (3,78) (2501099_INF.23_2016-2017).

PRÁCTICAS EXTERNAS

Como xa se puxo de manifesto no IRA GLLI 2015-2016, o interese pola potenciación deste tipo de prácticas levou no curso 2016-2017 á creación, por acordo de Xunta de Facultade de 8/7/2016, dunha Comisión de Prácticas Externas con representantes de todo os graos e mestrados da Facultade, que ten como obxectivo, entre outros, mellorar a coordinación entre todos os axentes implicados: titores profesionais, titores académicos, coordinadores dos títulos e estudantes (E5_GLLI_Actas Xunta Facultade_2016-2017). Ademais, no curso 2016-2017 ampliouse a oferta deste tipo de prácticas e foron nomeados tres titores académicos (IRA GLLI 2015-2016, p. 9). Aínda que o número de estudantes que participan neste tipo de prácticas segue a ser baixo, obsérvase unha clara tendencia ascendente: a porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións pasou de 6,78% en 2014-2015 a 8,06% en 2015-2016 (IN22-PC-09). Especialmente positiva foi a valoración do grao en que as prácticas externas contribuíron á súa formación, valor que acadou a máxima puntuación (5) entre os egresados no curso 2015-2016 (2501099_INF.09_2016-2017). O grao de satisfacción dos distintos axentes implicados segue sendo alto aínda que lixeiramente máis baixo ca no curso anterior: o grao de satisfacción dos estudantes pasou de 4,31 no curso 2015-2016 a 4 en 2016-2017 (IN19-PC-09), o grao de satisfacción dos titores externos pasou de 4,71 en 2015-2016 a 4 en 2016-2017 (IN20-PC-09), e o grao de satisfacción dos titores académicos foi de 5 en 2016-2017 (non contamos con este dato para o curso 2015-2016) (IN21-PC-09). Como no caso dos egresados, cómpre subliñar o descenso de participación nas enquisas de satisfacción: só se contou cunha resposta en cada unha delas (2501099_INF.06_2016-2017, 2501099_INF.07_2016-2017, 2501099_INF.08_2016-2017), o que leva a reflexionar sobre a necesidade de seguir a potenciar este tipo de participación seguindo a proposta e o compromiso establecidos no documento de *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas* aprobado o 23/06/2017 pola Comisión de Título de GLLI e o 26/06/2017 pola Comisión de Calidade do Centro (p. 12) (ver CRITERIO 7, apartado 7.2).

TAMAÑO DOS GRUPOS

Os indicadores do número de estudantes por grupo expositivo e por grupo interactivo para o curso 2016-2017 ofrecen datos máis axustados á realidade que os datos ofrecidos nos cursos anteriores, dado que desde a ACMP se fixo o esforzo de intentar aminorar o desaxuste anterior corrixindo o número de grupos, de xeito que para o curso 2016-2017 o cómputo deste indicador se fixo tendo en conta o número de alumnos do Maior do GLLI e o número de grupos das materias do Maior do GLLI (o desaxuste anterior está argumentado por extenso no IRA GLLI 2015-2016 (pp. 11-13)): a media de alumnos por grupo expositivo no curso 2016-2017 foi de 70,44, fronte ao dato do curso 2015-2016, que foi de 28,78 (IN31-PS-01), mentres que a media de alumnos por grupo interactivo foi de 35,28 no curso 2016-2017 fronte a 15,46 no curso 2015-2016 (IN32-PS-01). Estes datos supoñen que en ambos casos se supera a media de alumnos da USC: a media de alumnos por grupo de teoría na USC é de 59,93 e a media de alumnos por grupo interactivo é de 22,62, nos dous casos amplamente superados pola media do GLLI (2501099_MedUSC_2016-2017). Aínda así os datos ofrecidos para o curso 2016-2017 responden ás expectativas propostas na Memoria de Verificación, que indicaban un número de 75 alumnos nas sesións expositivas e 25 nas sesións de seminario (Anexos: Apartado 5, p. 37), e aos cálculos non oficiais argumentados no IRA GLLI 2016-2017, baseados nos datos extraídos da *Proposta de PDA dos graos da Facultade de Filoloxía (16/3/2015) para o Grao en Lingua e Literatura Inglesas do curso 2015-2016* (IRA GLLI 2015-2016, p. 12).

PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Como se especificaba no IRA GLLI 2015-2016, con respecto aos programas de mobilidade mantense en xeral a estrutura exposta na Memoria de Verificación (Anexos: Apartado 5, p.65) segundo a normativa vixente desde 2012 ([Reglamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes de la USC aprobado en Consello de Goberno de 26 de outubro de 2012](#); DOG 28 de novembro de 2012).

A porcentaxe de estudantes saíntes en programas de mobilidade ascendeu moi lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 7,92% en 2015-2016 a 7,98% en 2016-2017 (IN17-PC-08), e o grao de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade mantívose estable nun valor positivo de 3,65 en ambos os cursos. Os egresados no curso 2015-2016 que participaron en programas de mobilidade valoraron cun 5 a contribución destes programas á súa formación (2501099_INF.09_2016-2017). Non se observan grandes discrepancias entre as valoracións dos estudantes do GLLI e a media da USC: só a valoración do proceso de recoñecemento académico na USC dos estudos cursados durante o programa de mobilidade baixa de 3 (2,92) seguindo a tendencia media da USC, na que este aspecto figura tamén entre os peor valorados cun 3,24. En contraste, 5 dos aspectos ofrecen valores superiores a 4 (atención, aceptación e acollida na universidade de destino, 4,5; formación na universidade de destino, 4,43; infraestruturas e materiais na universidade de destino, 4,5; satisfacción xeral, 4,29; e recomendación do destino, 4,5), algo que só ocorre en 2 casos na media da USC (satisfacción xeral, 4,34 e recomendación do destino, 4,29). Obsérvase unha clara preferencia polas estadias anuais (12 dos 14 enquisados), o programa Erasmus+ (13 dos 14 enquisados), e por levar a cabo o intercambio no terceiro curso (12 dos 14 enquisados). Como é lóxico, tendo en conta a titulación, a maioría dos estudantes saíntes (21) elixiron universidades en países de fala inglesa como destino: 1 estudante fíxoo nunha universidade dos EE.UU., mentres que os 20 restantes fixérono en universidades do Reino Unido. O resto dos estudantes repartíronse entre universidades de 6 países europeos (5 na República Checa, 3 en Polonia, 2 en Alemaña e Noruega e 1 en Bélxica e Suecia (5040_INF.03_2016-2017).

A porcentaxe de estudantes entrantes descendeu dun xeito bastante drástico pasando de 6,21% no curso 2015-2016 a 3,78% en 2016-2017. Dos estudantes entrantes, 8 procedían de universidades italianas, 3 de universidades polacas, e 2 de universidades francesas e alemás (5040_INF.03_2016-2017). O descenso empeza a resultar preocupante porque parece un proceso constante nos últimos tres cursos, nos que se ten pasado do 9,7% en 2014-2015, cun total de 45 estudantes entrantes, ao 3,78% do curso 2016-2017, cun total de só 18 estudantes entrantes (IN18-PC-08). O descenso máis drástico atópase entre os estudantes procedentes de universidades de Francia, que pasou de 8 en 2014-2015 a 6 en 2015-2016 e a 2 en 2016-2017, e entre os estudantes procedentes de universidades de Polonia, que pasou de 7 en 2014-2015 a 0 en 2015-2016 e a 3 en 2016-2017 (5040_INF.03_2016-2017). Como ocorreu no caso do curso 2015-2016, non contamos con resultados da enquisa de satisfacción (2501099_INF.05_2016-2017), xa que a Acción de Mellora 12 (AM-12) do IRA GLLI 2015-2016 non foi executada ante a falta de información sobre as datas de celebración das enquisas de satisfacción que afectan aos grupos de interese en programas de mobilidade. No presente informe propoñemos unha nova acción de mellora en substitución da AM-12 do IRA GLLI 2015-2016, dividida en dúas tarefas: unha primeira tarefa de solicitude de información sobre as datas de celebración das enquisas, e unha segunda tarefa consistente en contactar cos coordinadores de programas de mobilidade nesas datas para que animen aos alumnos a participar.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as Accións de Mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

MECANISMOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Como se explica detalladamente no IRA GLLI 2015-2016, o GLLI da USC conta con diversos mecanismos de coordinación docente que se estruturan seguindo as directrices estipuladas na Memoria de Verificación (Anexos: Apartado 5, pp. 40-41). Tal coordinación artúclase arredor dos seguintes cargos e comisións: coordinación de materias, coordinación de cursos, coordinación do GLLI, Comisión do GLLI, Comisión de Títulos de Grao e Comisión de Calidade do Centro (IRA GLLI 2015-2016, p. 13-14).

COORDINACIÓN DE CADA MATERIA

O grao de satisfacción manifestado polo alumnado con respecto á coordinación entre os profesores de cada materia no curso 2016-2017 foi 3,51, lixeiramente máis baixo que no curso 2015-2016, cando tal valor foi 3,81, aínda que non significativamente inferior (2501099_INF.13_2016-2017). Tal valoración é especialmente satisfactoria se temos en conta o alto número de materias do GLLI impartidas por máis dun/ha profesor/a a causa do elevado número de alumnos, a organización de horarios, a tipoloxía das materias etc. De feito, a maioría das materias do Maior son impartidas por máis dun/ha profesor/a e, no caso das materias de formación básica, o número de profesores implicados pode chegar a seis ou mesmo sete. A valoración do profesorado deste mesmo aspecto (coordinación dos distintos/as profesores/as dunha materia) é incluso máis positiva, acadando un satisfactorio 4,33 no curso 2016-2017, só unha décima por debaixo da valoración do curso anterior (2501099_INF.14_2016-2017).

COORDINACIÓN DE DISTINTAS MATERIAS E NIVEIS

Algo máis baixo foi o valor acadado pola coordinación entre as distintas materias e niveis no curso 2016-2017, aínda que a evolución deste valor está a seguir un proceso ascendente nos últimos tres cursos: 3,61 en 2014-2015, 3,67 en 2015-2016 e 3,81 en 2016-2017 (2501099_INF.14_2016-2017). No Informe sobre a enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación o estudantado valorou cun 2,85 este aspecto, valor mellorable pero superior ao da media da USC, que foi de 2,45 (25010199_INF.22_2016-2017). En contraste, e como sería esperable tendo en conta os resultados na enquisa sobre a docencia impartida, este valor foi moi superior no Informe das enquisa ao profesorado sobre a titulación: 3,73 (fronte a 3,40 de media na USC) (2501099_INF.23_2016-2017). No IRA GLLI 2015-2016 propúxose unha Acción de Mellora (AM-01) co obxectivo de mellorar a coordinación de materias de distintos niveis e áreas de coñecemento similares: a realización de tal Acción de Mellora debería de contribuir a manter a lixeira mellora experimentada por este valor.

A constitución e funcionamento das distintas comisións encargadas de velar pola coordinación docente no ámbito do GLLI responden ás directrices estipuladas na Memoria de Verificación (Anexos: Apartado 5, pp. 40-41) e están descritas en detalle no IRA GLLI 2015-2016 (pp. 13-14). Neste senso, a subcomisión encargada de elaborar o *Informe provisional de evaluación para la renovación de la acreditación* do GLLI fixo as seguintes recomendacións de mellora:

- CRITERIO 1: "En lo que respecta a los mecanismos de coordinación docente, se percibe que la estructura de comisiones en la Facultad de Filología es relativamente compleja. Se recomienda establecer claramente qué órgano o Comisión del Centro es el responsable de garantizar el ajuste entre guías docentes y memoria del título antes de la aprobación y publicación de las guías docentes" (p. 3). En resposta a tal suxestión, nas *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas*, aprobadas o 23/06/2017 pola Comisión de Título do GLLI e o 26/06/2017 pola Comisión de Calidade do Centro, considérase a conveniencia de realizar unha adaptación dalgúns dos procesos e procedementos recollidos no Manual marco de procesos e procedementos da USC (AM-02), para que, segundo a recomendación da subcomisión, se estableza de forma clara que órgano é o responsable de garantir o axuste entre guías docentes e memoria do título (p. 4). Na Acción de Mellora 2 (AM-02) dese mesmo documento propoñíase traballar na adaptación do procedemento PC04-PC-04 do [Manual de procesos y procedimientos de la USC](#) ás particularidades da Facultade de Filoloxía e da súa complexa estrutura de titulacións. Como se explica no seguimento desta Acción de Mellora máis abaixo (AM-02 do APM do GLLI), o [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC](#) establece no seu artigo 3.8 (d) que unha das funcións das comisións dos títulos é precisamente analizar a programación das materias e supervisar que se axusta á Memoria

Verificada do Título. Este Regulamento foi aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017, con posterioridade á elaboración do documento de *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas* aprobado o 23/06/2017 pola Comisión de Título de GLLI e o 26/06/2017 pola Comisión de Calidade do Centro. Non é procedente, por conseguinte, efectuar a adaptación do procedemento PC04-PC-04 que se describe na proposta desta Acción de Mellora e non cómpre realizar ningún axuste, posto que o Regulamento establece de maneira explícita que é a Comisión do título quen debe levar a cabo esta tarefa.

- CRITERIO 1: "Se recomienda establecer una periodicidad y orden del día mínimo para las reuniones de las diferentes comisiones de modo que se tenga constancia de qué elementos se van a tratar en cada época del curso académico y las decisiones puedan ser proactivas además de reactivas" (p. 3). En resposta a tal suxestión, no documento *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas* aprobado o 23/06/2017 pola Comisión de Título do GLLI e o 26/06/2017 pola Comisión de Calidade do Centro, considérase a conveniencia de establecer un calendario de reunións da Comisión do GLLI, da Comisión de Títulos de Grao da Facultade de Filoloxía e da Comisión de Calidade do Centro. Nese calendario establecerase a periodicidade das reunións ordinarias, así como o contido fundamental a tratar en cada unha delas. Obviamente, as sesións ordinarias destes órganos complementaríanse coas reunións extraordinarias que se estimen necesarias (p. 7). No mesmo documento propúxose unha Acción de Mellora (AM-03 do APM GLLI) para a elaboración de tal calendario, que está xa executada como se pode apreciar no presente informe na sección Plan de Melloras, apartado 2.2.
- CRITERIO 1: "Se ha detectado un nivel incipiente de uso de las plataformas de teleformación. Se recomienda realizar acciones específicas para fomentar el aprovechamiento de sus posibilidades, especialmente en lo referido a los procesos de nivelación del primer curso" (P. 3). En resposta a tal suxestión, nas *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas* aprobado o 23/06/2017 pola Comisión de Título do GLLI e o 26/06/2017 pola Comisión de Calidade do Centro, considérase a conveniencia de dinamizar o uso da aula virtual de coordinación na medida en que tal ferramenta se considere útil e eficaz para a consecución de mellores resultados nos labores de coordinación do título (p. 5). Como consecuencia deste compromiso, empezou a utilizarse a aula virtual de coordinación do GLLI no curso 2017-2018.

Estes tres aspectos incluídos primeiro no *Informe provisional de evaluación para la renovación de la acreditación* del GLLI (p. 3) e (no caso dos dous primeiros) máis tarde no *Informe final de evaluación para la renovación de la acreditación* del GLLI (p. 4-5) están a ser realizados no curso actual 2017-2018 e, polo tanto, os seus efectos non serán tanxibles ata este curso.

COORDINACIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS

Durante o curso 2016-2017 púxose en marcha a Comisión de prácticas externas na Facultade de Filoloxía encargada, entre outras tarefas, de coordinar aqueles aspectos relacionados con este tipo de actividade. Co obxecto de mellorar todo o proceso asociado á realización de prácticas externas, esta comisión encargouse de coordinar:

- a elaboración de fichas sobre os procesos formativos ofrecidos por cada empresa colaboradora
- a elaboración dun modelo de memoria de prácticas a cumprimentar por cada alumno, un modelo de informe do titor profesional e un modelo de informe do titor académico
- a elaboración dunha guía para titores académicos, titores profesionais e alumnos de prácticas externas
- a elaboración do calendario e a convocatoria de prácticas externas para o curso 2017-2018 (v. http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/outra_informacion/practicas_externas/practicas.html e E5_GLLI_Actas Comisión Prácticas Externas_2016-2017)
- a supervisión do desenvolvemento do proceso de selección de estudantes e a súa asignación de prácticas externas.

Un dos obxectivos da elaboración da Guía para titores académicos, titores profesionais e alumnos é favorecer a coordinación dos distintos axentes implicados nas prácticas externas, xa que esta guía estipula e delimita con claridade as obrigas de cada axente, entre as que figuran manter un contacto entre eles. A valoración do grao de

satisfacción coa comunicación e coordinación entre os titores académicos e profesionais foi a máis alta posible tanto na enquisa de satisfacción dos titores académicos (2501099_INF.08_2016-2017) como na enquisa de satisfacción dos titores profesionais (2501099_INF.07_2016-2017). En ambos casos a valoración é moi superior á media da USC, que foi 3,68 na enquisa de satisfacción dos titores profesionais (2501099_INF.07_2017-2017) e de 4,04 na enquisa de satisfacción dos titores académicos (2501099_INF.08_2016-2017).

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

PERFIL DE INGRESO

Como se indicou no IRA GLLI 2015-2016, os estudantes matriculados no GLLI cumpren debidamente cos requisitos establecidos pola lei e normativa vixentes, segundo o estipulado nos Apartados 4.1 e 4.2 da Memoria de Verificación (p. 6; e Anexos: Apartado 3, p. 26-27).

Como xa ocorrera no curso 2015-2016, no curso 2016-2017 a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con nota media igual ou superior a seis foi do 100% (IN07-PC-05). De feito, a nota media de acceso por preinscripción no curso 2016-2017 foi 9,26, superior á nota media do curso 2015-2016, cando fora 8,98 (IN06-PC-05). A nota media de admisión dos estudantes procedentes de bacharelato foi incluso superior, chegando a 9,302, fronte ao 7,150 dos estudantes procedentes de Formación Profesional (2501099_INF. CIUG_2016-2017). Estes datos suxiren o incremento do nivel académico dos estudantes que acceden á titulación: en 2016-2017 só 6 estudantes accederon á titulación con nota de 6-7; 27 (25 de bacharelato e 2 de FP) fixérono con nota 7-8 e 17 con nota 8-9; os restantes 52 foron admitidos con notas superiores a 9 (17 con nota 9-10, 15 con nota 10-11, 11 con nota 11-12, 7 con nota 12-13, e 2 con nota 13-14) (2501099_INF.CIUG_2016-2017).

O Informe de procedencia xeográfica do alumnado (2501099_INF.16_2016-2017) deixa constancia do cumprimento dos principios do distrito único e aberto como se recolle no Apartado 4.2 da Memoria de Verificación (p. 6). Como xa anunciamos no apartado 1.1, a procedencia dos estudantes matriculados no GLLI, está repartida maioritariamente entre 38 municipios da provincia de Pontevedra, 13 da provincia de Ourense, 20 da provincia de Lugo e 59 da provincia de A Coruña (ver 1.1) (2501099_INF.16_2016-2017). Tal información vese corroborada no Informe sobre o cuestionario pasado ao alumnado de primeiro no acto de benvida na Facultade de Filoloxía, celebrado o 12 de setembro de 2016, onde se constata que o 98,60% do alumnado que encheu a enquisa procedía de Galicia, fronte ao 1,32% procedente de fóra da comunidade autónoma. Entre o alumnado procedente da comunidade autónoma, un 48,67% procedía da provincia da Coruña, 32,03% procedían da provincia de Pontevedra, 11,06% procedía da provincia de Lugo e 7,96% procedían da provincia de Ourense. Os concellos que máis estudantes aportaron foron os de Santiago de Compostela (25), Vigo (12), Pontevedra (10), Ourense (10), Lugo (8), A Coruña (8) e Ferrol (8). Maioritariamente, o alumnado de novo ingreso da Facultade de Filoloxía procedeu de centros de ensino secundario públicos (91,1%): na provincia de A Coruña o 90%, na provincia de Lugo o 91,34%, na provincia de Ourense o 77,78% e na provincia de Pontevedra o 95,77%. Do total de 230 enquisados 98 estaban matriculados no GLLI, e 86 (87,75%) declararon que este grao fora a súa primeira opción, o que corrobora os datos do Informe CIUG (ver CRITERIO 7, apartado 7.1). Se ben para o alumnado de novo ingreso do curso 2016-2017 non contamos con información sobre a modalidade de bacharelato cursada porque aínda non se puxera en marcha a Acción de Mellora 2 (AM-2) do IRA GLLI 2015-2016 que tiña o propósito de remodelar o formulario da enquisa introducindo unha cuestión a este respecto, si coñecemos que as motivacións máis importantes do alumnado para matricularse nos graos ofrecidos pola Facultade de Filoloxía foron o interese en aprender outro idioma, a afección pola literatura e o interese polas linguas e a lingüística (E3_GLLI_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_2016-2017).

Como se sinalaba no IRA GLLI 2015-2016, o establecemento da limitación no número de prazas ofertadas contribuíu de xeito decisivo a manter un perfil de acceso adecuado cun nivel académico satisfactorio e un número de alumnos

adaptado á demanda e aos medios dispoñibles para ofrecer unha docencia e servizos de calidade (ver 1.1).

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tanto as normativas e regulamentos xerais da USC como os particulares da Facultade de Filoloxía aplícanse adecuada e escrupulosamente no caso do GLLI. Tales normativas, que se mencionan de seguido, poden ser consultadas en <http://www.usc.es/gl/normativa/estudiantes/index.html> e en http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/outra_informacion/normativa/index.html.

A continuación, enuméranse as normas aprobadas durante o curso 2016-2017, que se engaden ás xa recollidas nos IRA (pp. 19-21), e que son de aplicación no curso 2017-2018:

(i) **Normativa do Traballo de Fin de Grao** das titulacións de Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Literaturas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela (http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/filoloxia/gaos/TFG/arquivos/TFG/Regulamento_TFG_Filoloxa.pdf). Aprobada pola Xunta de Facultade na súa sesión de 10 de xullo de 2017 e pola Comisión de Títulos de Grao na súa sesión do 19 de xuño de 2017, previo informe positivo das comisións de grao en Filoloxía Clásica, Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas e Linguas e Literaturas Modernas. Aprobada posteriormente polo Consello de Goberno de 18 de xullo de 2017.

ii) **Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na Universidade de Santiago de Compostela**, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017 (http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/descargas/2017_Normativa_Grao_Master_USC_28_xullo_Aprobado.pdf).

Este texto ten por obxecto regular a organización dos estudos de grao e de mestrado universitario e recolle nun único documento toda a normativa existente ao respecto. O regulamento inclúe información sobre os seguintes aspectos: órganos académicos das titulacións de grao e mestrado, composición e competencias das comisións de título, procedemento e criterios para a presentación de novas propostas de titulacións de grao e mestrado e de modificacións das existentes etc.

(iii) **Acordo do Consello de Goberno sobre o recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio** (<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/15358>), aprobado polo Consello de Goberno o 3 de marzo de 2017.

O acordo establece o sistema de equivalencias de cualificacións para estudos cursados consonte a sistemas educativos estranxeiros, incluíndo o recoñecemento da mención de Matrícula de Honra, o recoñecemento singular de cualificacións etc.

(iv) **Instrución 1/2017 da Secretaría Xeral sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias**, de 27 de abril de 2017 (<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/goberno/secxeral/Instrucion-I-2017-sobre-a-dispensa-de->

[asistencia-a-clase-en-determinadas-circunstancias.pdf](#)).

Esta instrución recolle o procedemento para a solicitude de dispensa, as causas que poden motivar a solicitude, os criterios a ter en conta para conceder/denegar a devandita solicitude etc.

(v) Resolución pola que se publica a modificación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada polo Consello de Goberno o 5 de abril de 2017 (<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Resolucion-do-5-de-abril-de-2017-pola-que-se-publica-a-modificacion-da-Normativa-de-avaliacion-do-rendemento-academico.pdf>).

Esta Resolución modifica a *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións da Universidade de Santiago de Compostela* (Consello de Goberno de 15 de xuño de 2011). A modificación afecta aos artigos referidos aos procedementos de avaliación extraordinaria:

Artigo 10. Actuación de oficio da Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa delegada do Consello de Goberno.

Artigo 11. Apoio titorial extraordinario.

Artigo 12. Avaliación por un tribunal.

(vi) Resolución Reitoral do 11 de outubro de 2016 pola que se establece o procedemento para a solicitude, tramitación e difusión de actividades recoñecibles como competencias transversais nas titulacións de grao (<https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/14919/XA1204.pdf?sequence=4&isAllowed=y>).

A Resolución articula o procedemento para a tramitación das propostas recollidas no Acordo do Consello de Goberno de 2 de xullo de 2016 sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, así como a resolución das mesmas e a xestión dos recoñecementos nos expedientes dos estudantes.

A nova **Normativa do Traballo de Fin de Grao** (aprobada polo Consello de goberno o 18/07/2017) mencionada máis arriba (i) foi un dos cambios destacables durante o curso 2016-2017, resultado dun proceso de adaptación ao novo Regulamento de TFG e TFM da USC (aprobado polo Consello de Goberno do 20/03/2016). Esta nova normativa tenta dar resposta a algún dos inconvenientes detectados no regulamento anterior da Facultade de 2014, sempre dentro dos límites impostos tanto pola *Normativa de permanencia* como polo *Regulamento de TFG e TFM* da USC. Tales limitacións seguen a impedir, de feito, afrontar algúns dos problemas máis serios detectados nos procesos de elaboración e avaliación dos TFG na Facultade e xa descritos no IRA GLLI 2015-2016, onde se fixo constar:

-con respecto á Normativa de permanencia:

Los apartados 3 y 4 del artículo 6 se refieren a la regulación de la matrícula y la defensa de los trabajos de fin de grado, y los efectos de cada uno de estos apartados no parecen haber alcanzado el nivel de satisfacción deseable: mientras que el apartado 3, que estipula la necesidad de tener aprobados 150 créditos para poder matricularse de los créditos correspondientes a la materia de Trabajo de Fin de Grado, debería de tender a favorecer las tasas de rendimiento y evaluación de esta materia, los resultados reales en el caso del Grao en Lingua e Literatura Inglesas distan de ser óptimos: la tasa de evaluación en el curso 2015-2016 fue 51,26 y en el curso 2014-2015 fue 60,19, figurando por tanto entre las tasas de evaluación desagregadas por materias más bajas de la titulación (INF.19 "Informe de taxa de avaliación das materias do plan de estudos"); la tasa de rendimiento fue 48,74 en 2015-2016 y 56,78 en 2014-2015, y se sitúan por lo tanto también entre las tasas de rendimiento desagregadas por materias más bajas de la titulación en ambos cursos (INF.18 "Informe de taxa de rendemento das materias do plan de estudos"). En contraste, las tasas de éxito para la materia TFG son casi plenamente satisfactorias: 95,08 en 2015-2016 y 93,85 en 2014-2015 (INF.17 "Informe de taxa de éxito das materias do plan de estudos"). De ello se deduce que los trabajos de fin de grado que llegan a ser defendidos resultan altamente satisfactorios y por tanto aprobados (tasa de éxito), pero sólo un porcentaje reducido

de los trabajos matriculados llegan a ser defendidos (tasa de evaluación) y aprobados (tasa de rendimiento). Aunque como se especifica en el apartado 6.1 no sabemos exactamente qué porcentaje de los TFG no se presentan por no cumplir con los requisitos establecidos, podemos suponer que parte de la causa del desequilibrio entre las tasas de éxito y rendimiento en el caso del TFG se debe al apartado 4 del artículo 6 de la Normativa de permanencia que estipula que sólo aquellos estudiantes que hayan aprobado el resto de las materias de la titulación pueden solicitar la defensa del trabajo de fin de grado: por una parte, hay estudiantes que cumplen el requisito de tener aprobados 150 créditos y por tanto pueden matricular su TFG, pero no consiguen aprobar todas las materias a lo largo del curso, lo que les impide solicitar la defensa de su TFG; por otra parte, incluso entre los estudiantes que consiguen aprobar todas las materias se dan casos en los que una mala planificación del trabajo les impide solicitar esta defensa: los 12 créditos del TFG están asignados al segundo cuatrimestre de cuarto curso, lo que supone que los estudiantes sólo deberían de tener que superar otras tres materias en ese cuatrimestre lo que les permitiría dirigir una parte importante de su trabajo a la elaboración del TFG, pero la presión que supone tener que aprobar el resto de las materias para poder solicitar la defensa del TFG lleva a muchos de ellos a concentrarse casi exclusivamente en aprobar las otras materias dejando la elaboración del TFG de lado, y como resultado no consiguen terminarlo a tiempo (p. 16-17).

-con respecto ao Regulamento de TFG e TFM da USC:

como también se constató en el análisis de la normativa de permanencia, existe un marcado contraste entre las escasas tasas de rendimiento y evaluación concretamente asociadas a la materia TFG en los respectivos informes desagregados por materias (INF.18 "Informe de taxa de rendemento das materias do plan de estudos" e INF.19 "Informe de taxa de avaliación das materias do plan de estudos") y la elevada tasa de éxito asociada a esta materia (INF.17 "Informe de taxa de éxito das materias do plan de estudos"), lo que nos lleva a considerar que las dos primeras tasas están también altamente condicionadas por el artículo 4.3 de la normativa de TFG que estipula la necesidad de tener aprobadas todas las demás materias del grado para poder solicitar la defensa del TFG. A la vista de los datos acerca de los resultados de la materia "Trabajo de fin de grado" (INF.17 "Informe de taxa de éxito das materias do plan de estudos", INF.18 "Informe de taxa de rendemento das materias do plan de estudos", INF.19 "Informe de taxa de avaliación das materias do plan de estudos") se puede concluir que el artículo 4.1 que regula las exigencias para proceder a la matrícula de esta materia es mucho menos restrictivo que el artículo 4.3, que regula las exigencias para proceder a la solicitud de defensa de este trabajo, lo que explica el desajuste entre (a) el número de matriculados en los créditos correspondientes a la materia TFG y el número de aprobados (INF.18 "Informe de taxa de rendemento das materias do plan de estudos") y (b) el número de matriculados en estos créditos y el número de presentados (INF.19 "Informe de taxa de avaliación das materias do plan de estudos"), así como el alto grado de aproximación entre el número de trabajos presentados y el número de trabajos aprobados (INF.17 "Informe de taxa de éxito das materias do plan de estudos") (p. 18-19).

Como se analizará no criterio 6.1 do presente informe, as reflexións anteriores seguen vixentes tendo en conta os datos do curso 2016-2017, no que a distancia que separa a taxa de éxito e as taxas de rendemento e de avaliación da materia TFG se modera pero segue a ser excesiva: no curso 2016-2017 a taxa de éxito foi 91,18 (lixeramente inferior á taxa do curso anterior, 95,08), a taxa de rendemento no curso 2016-2017 foi 51,24 (lixeramente superior á taxa do curso 2015-2016, 48,74) e a taxa de avaliación en 2016-2017 foi de 56,20 (lixeramente superior á do curso 2015-2016, 51,26). Aínda que estes resultados suxiren un certo grao de éxito da Acción de Mellora 5.2 do IRA GLLI 2015-2016, consistente en recordar aos titores e alumnos de TFG a necesidade de programar un calendario para a elaboración destes traballos, o desaxuste entre estas taxas segue a ser grande. A Acción de Mellora 5.1 do IRA solicitaba á ACMP información sobre posibles motivos deste desaxuste, co obxecto de saber ata qué punto pode ser imputado á imposición de ter aprobadas o resto das materias. Como resultado desta acción de mellora, coñecemos que 29 dos 53 estudantes que non defenderon o seu TFG despois de telo matriculado (21 non presentados e 32 renuncias (2501099_INF.15_2016-2017)) tiñan todas as materias aprobadas, o que quere dicir que os restantes 24 non chegaron a defendelo non por decisión propia, senón pola imposición administrativa que obriga a ter superados todos os créditos para poder defender o TFG (I12_GLLI_Materias Superadas agás TFG_2016-2017).

Como queda constancia na Acta da Comisión do GLLI celebrada o 15 de xuño de 2017, a escasa taxa de avaliación e rendemento de TFG foi un dos problemas indicados por varios profesores con respecto á elaboración do TFG durante o proceso de debate e deliberación sobre a nova Normativa de TFG da Facultade de Filoloxía. A mesma acta recolle algunhas das suxestións propostas polo profesorado e debatidas nesta reunión da Comisión do GLLI previas á aprobación desta Normativa (E5_GLLI_Actas Comisión GLLI_2016-2017). Algunhas destas suxestións foron incorporadas nesta nova Normativa, que pode ser consultada en http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/gaos/TFG/normativa/TFG_normativa.html.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O medio de difusión pública máis importante na Universidade de Santiago é internet, e a través deste medio inténtase dar satisfacción á demanda de información dos distintos grupos de interese: futuros estudantes, estudantes estranxeiros, estudantes egresados, empresas e institucións, estudantes actuais, persoal docente e investigador (PDI) e persoal de administración e servizos (PAS). Como complemento á información incluída no IRA GLLI 2015-2016 e nun intento por favorecer a claridade e transparencia na publicación de información, no mes de decembro de 2017 a USC renovou a aparencia da súa páxina web institucional para ofrecer aos usuarios un formato máis facilmente accesible e manexable desde dispositivos móbiles de telefonía. Esta modificación serviu ademais para corrixir algúns erros e engadir funcionalidades.

Desde a páxina web da USC accédese á páxina web da Facultade de Filoloxía, onde, como se deixou constancia por extenso no IRA GLLI 2015-2016, se pode atopar información diversa sobre os estudos e servizos ofertados polo centro: a través da columna da dereita pódese acceder a información detallada de cada un dos títulos (memorias de verificación, datos de calidade, coordinador/a do título, listado de materias da titulación ordenadas por curso ou módulo e guías docentes de cada unha das materias. Nesta columna tamén se pode atopar información relativa ao proceso de elaboración do TFG, os programas das antigas licenciaturas, os calendarios académicos, as táboas de recoñecemento/convalidacións de estudos, as prácticas externas de grao, mobilidade, formularios para alumnado e profesorado, as normativas máis relevantes para os membros da Facultade de Filoloxía etc. Desde a barra superior pódese acceder a información xeral sobre a Facultade de Filoloxía: presentación, membros do equipo de dirección, infraestruturas dispoñibles, departamentos adscritos ao Centro, perfil docente e investigador do profesorado, membros do Persoal de Administración e Servizos, servizos dispoñibles na Facultade de Filoloxía e na universidade en xeral. Tamén se facilitan os horarios de clases, profesores, exames etc. Como aparece estipulado nos Artigos 1, 2, e 4 da Normativa de avaliación, toda esta información é actualizada antes do inicio do período de matrícula de cada curso (no mes de xullo). A web da Facultade de Filoloxía ofrece ademais información e documentación detallada sobre o sistema de calidade e unha sección de "Novidades", onde desde o curso 2015-2016 se inclúe unha sección de "Bolsas e emprego", na que se publica a información recibida polo Decanato referente a estes aspectos.

Ademais dos medios en soporte informático, a Facultade de Filoloxía conta con paneis informativos, pantalla informativa na entrada do Centro, sesións informativas para estudantes sobre os diversos aspectos do seu interese ao longo dos seus estudos (mobilidade, prácticas externas, TFG etc.), e accións de difusión da información entre colectivos externos especialmente estudantes potenciais: marcapáxinas e trípticos que se distribúen entre estes posibles futuros estudantes.

Por tanto, a Facultade de Filoloxía proporciona a información pública necesaria e mantena actualizada para dar cumprimento ás diversas normativas e facilitar o labor dos diversos colectivos implicados na boa marcha das titulacións impartidas. Unha delas é o GLLI, que cumpre e dá resposta regularmente á demanda de información formulada polo Decanato para a súa publicación na web. Proba disto é a información pública do título, que pode ser consultada nos enlaces referentes a esta titulación:

-información xeral sobre o GLLI, admisión e matrícula, profesorado e plan de estudos:

<http://www.usc.es/ql/centros/filoxia/titulacions.html?plan=12870&estudio=12871&codEstudio=12495&valor=9>

- memoria completa, obxectivos, competencias e saídas profesionais, oferta, admisión e programas de asignaturas, datos calidade USC e estrutura do grao:

http://www.usc.es/ql/centros/filoxia/gaos/grao_ingles/grao_ingles.html

-información sobre TFG:

<http://www.usc.es/ql/centros/filoxia/gaos/TFG/index.html>

-información sobre programas das materias, horarios, exames etc.:

<http://www.usc.es/ql/centros/filoxia/programas.html?plan=12870>

O grao de satisfacción dos egresados no curso 2015-2016 coa información pública dispoñible descendeu lixeiramente, aínda que se mantén no entorno de 3: este valor pasou de 3,07 no curso 2014-2015 a 2,98 no curso 2015-2016, valor que se mantén por riba do acadado no curso 2013-2014, 2,71 (IN23-PC-12). Resulta destacable que por segundo ano consecutivo a valoración dos egresados da súa satisfacción coa información na propia Facultade e título supera a media da USC: a valoración do GLLI foi de 3,30, fronte a 3,18 da USC. Tamén segue un proceso ascendente a valoración dos egresados da información e apoio recibidos nas actividades de acollida e presentación, que pasou de 2,93 en 2014-2015 a 3,10 en 2015-2016, superando a media da USC, que foi de 2,90 en 2014-2015 e 2,84 en 2015-2016 (2501099_INF.09_2016-2017). Estes datos suxiren que o lixeiro descenso no indicador xeral (IN23-PC-12) non ten a súa causa no Centro ou na titulación, e ademais parecen confirmar os esforzos levados a cabo tanto polo Centro como pola titulación á hora de dar visibilidade á información.

En xeral, na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, o alumnado valorou positivamente a información recibida: a "Información pública dispoñible sobre a titulación", foi valorada en 2016-2017 cun 3,42, superior á media da USC, que foi de 3,02; "A información dispoñible sobre o desenvolvemento..." obtivo unha valoración de 3,27, superior á media da USC (2,97); e a "Información e orientación recibida na titulación" foi valorada cun 3, tamén lixeiramente superior á media da USC (2,73). Só o aspecto relacionado coa xestión de queixas, suxestións ou parabéns foi inferior á media da USC, aínda que non significativamente: 2,50 fronte a 2,61 de media na USC (2501099_INF.22_2016-2017). Tamén foi este o aspecto peor valorado polo profesorado no referente á información e transparencia, aínda que o valor foi moi superior ao obtido no caso do alumnado, situándose en 3,5 (fronte a 3,74 de media da USC). Espérase que a execución da Acción de Mellora 07 do documento de *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas* (AM-07 do APM GLLI) contribúa a mellorar estes índices. En xeral, o profesorado valora moi positivamente a información dispoñible: a información pública dispoñible obtivo unha valoración de 4,27 (3,99 de media na USC), a información dispoñible en relación coa calidade obtivo un valor de 3,60 (3,75 de media na USC), a información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos acadou un valor de 4,18 (4,13 de media na USC) e a difusión de actividades extracurriculares para o alumnado obtivo un valor de 3,89 (3,68 de media na USC) (2501099_INF.23_2016-2017). Na enquisa realizada aos estudantes que defenderon o seu TFG en 2016-2017, un dos aspectos de valoración global da satisfacción que obtivo unha puntuación moderadamente máis baixa foi o relacionado coa información recibida sobre o TFG (3,18): a utilidade da información administrativa na web obtivo unha valoración de 3,27 (3,41 foi a media do Centro), a utilidade dos documentos colgados na web para axudar na elaboración do TFG obtivo unha valoración de 3,16 (3,30 foi a media do Centro) e a valoración das xornadas informativas sobre TFG foi 2,51 (2,79 foi a media do Centro) (I4_GLLI_Informe Satisfacción TFG_2016-2017).

Os estudantes saíntes en programas de mobilidade amosan un nivel de satisfacción coa información recibida no Centro algo máis baixa que a media de USC (2,77 na titulación e 3 na USC) e tamén máis baixa que o dato do curso anterior (3,09) (2501099_INF.04_2016-2017). O resultado contrasta co feito de que cada curso se faga un esforzo maior de cara a promocionar os programas de mobilidade entre o alumnado a través da celebración de sesións informativas específicas anunciadas con antelación por medio de carteis no Centro e a través da pantalla da entrada. De manterse esta tendencia no futuro, debería de ser obxecto de reflexión.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer Accións de Mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No IRA GLLI 2015-2016 (vid. acta da CCC de 30 de xaneiro de 2017: E5_GLLI_Actas CCC_2016-2017) explicábase de maneira detallada cales eran os mecanismos empregados para recoller a información, analizala, detectar debilidades e propoñer Accións de Mellora, realizando un seguimento das mesmas. Durante o curso 2016-2017 todos estes mecanismos e procedementos se seguiron e desenvolveron segundo o establecido.

Tal e como estipula o SGIC, as comisións de cada un dos títulos, as Comisións de Títulos de Grao/Máster e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título en cuestión (vid. actas correspondentes: E5_GLLI_Actas Comisión GLLI_2016-2017, E5_GLLI_Actas CTG_2016-2017, E5_GLLI_Actas CCC_2016-2017). A composición de todas as comisións mencionadas é accesible a través da web e foise actualizando puntualmente: <http://www.usc.gal/gl/centros/filoxia/calidade/index.html>.

Desde a Facultade complementouse a información recibida desde a ACMP, especialmente no que atinxe á satisfacción dos grupos de interese, e realizáronse dúas enquisas:

- (1) Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: no Plan de Melloras da Memoria de Calidade 2015-2016 da Facultade de Filoloxía e no IRA do GLLI 2015-2016 incluíase unha acción para a revisión e mellora desta enquisa (AM-6 da Memoria de Calidade 2015-2016 e AM-2 do IRA GLLI 2015-2016), que se efectuou en setembro de 2017 e se levou a cabo na súa nova versión na sesión de benvida aos estudantes de novo ingreso do curso 2017-2018 (E3_GLLI_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_2016-2017).
- (2) Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: no curso 2016-2017 levouse a cabo unha modificación na enquisa realizada a petición da Comisión do GLLI (AM-4 do IRA GLLI 2015-2016) co fin de incluír preguntas que permitan obter información sobre a escolla das modalidades cursadas (GLLI_Accions Mellora Completadas_2016-2017, I4_FFiloxia_Informe Satisfacción TFG_2016-2017 e I4_GLLI_Informe Satisfacción TFG_2016-2017).

En relación coas enquisas de satisfacción coa docencia recibida e impartida que se distribúen desde a ACMP, cómpre lembrar que a Facultade sempre procura contribuír a un aumento na participación a través de anuncios coa información sobre o proceso de avaliación en marcha e as datas en que se poden cubrir as enquisas: na pantalla informativa do vestíbulo, con letreiros en lugares visibles e tamén a través da lista de distribución de correo electrónico do profesorado, onde se anima a todo o PDI a que lembre nas clases a importancia de participar. Como se explica con máis detalle no CRITERIO 7, apartado 7.2, a porcentaxe de participación nas enquisas sobre a docencia impartida e recibida mellorou considerablemente nos últimos cursos no caso do GLLI, pasando de 38,58% en 2015-2016 a 42,88%

en 2016-2017 no caso da docencia recibida e de 40,14% en 2015-2016 a 43,65% en 2016-2017 no caso da docencia impartida. Así mesmo, desde o curso 2015-2016 o Campus Virtual da USC incorpora grupos de coordinación de cada un dos títulos/cursos, de xeito que algúns coordinadores utilizaron tamén este medio para difundir información e documentos a todo o profesorado e estudantado implicado na docencia/discencia do título. Para dar resposta ao compromiso de intentar “dinamizar el uso del aula virtual de coordinación en la medida en que tal herramienta se considere útil y eficaz para la consecución de mejores resultados en las labores de coordinación del título” establecido nas Recomendacións para a mellora no CRITERIO 1 do documento *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas* aprobado o 23/06/2017 pola Comisión de Título do GLLI e o 26/06/2017 pola Comisión de Calidade do Centro (p. 5), a aula virtual de coordinación do GLLI empezou a ser utilizada no presente curso (2017-2018), principalmente para a difusión de información entre o alumnado e profesorado do título: información sobre diversos aspectos relacionados coa oferta de prácticas externas, información sobre a celebración de sesións acerca do TFG, información sobre cursos destinados ao alumnado, información sobre as enquisas de satisfacción coa docencia recibida e impartida, información sobre os resultados da enquisa de satisfacción coa docencia recibida etc.

Os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións desenvolvéronse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes. Todas estas normas e procedementos están recollidos no IRA GLLI 2015-2016. Proba do funcionamento do sistema son os datos dispoñibles: durante o curso 2016-2017 dos 5 recursos presentados na Facultade de Filoloxía, 2 corresponderon ao GLLI e os dous foron estimados. A temática dos recursos estivo vinculada nun caso á anulación de matrícula e no outro caso á dispensa de asistencia a clase. Das 15 queixas e suxestións recibidas na Facultade de Filoloxía, 8 corresponderon ao GLLI: 3 estaban relacionadas coas cualificacións de actas, 2 coa docencia, 1 coa matrícula e 2 foron clasificadas como asuntos varios. Das 8 queixas e suxestións asociadas ao GLLI, 1 foi estimada, 5 foron desestimadas, 1 foi inadmitida e outra foi arquivada (E11_GLLI_Memoria OAR_2016-2017).

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de Verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

A Memoria de Calidade do curso 2016-2017 elaborárase nas datas establecidas no calendario de Calidade remitido pola ACMP. A Memoria de Calidade do curso 2015-2016 foi elaborada pola CCC e aprobouse na súa sesión do 7 de marzo de 2017, para o seu envío e posterior aprobación definitiva na Xunta de Facultade de 7 de marzo de 2017. Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento dos distintos títulos son públicos e accesibles en <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>, de xeito que todos os grupos de interese poidan acceder a esta documentación e contribuír á reflexión.

No curso 2016-2017 tivo lugar o proceso de renovación da acreditación para os cinco graos do centro, os dous mestrados interuniversitarios (IMAES e MILA) e o Máster en Estudos da Literatura e da Cultura. O Máster en Estudos Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos xa realizara o proceso de renovación da acreditación, no que obtivo un informe favorable, en xuño 2015 (http://www.usc.es/filrom/wp-content/uploads/2014/09/ren_acr.pdf), de xeito que no curso 2016-2017 só se someteu ao seguimento anual. Os dous Máster Mundus da Facultade non se teñen que acreditar, pois seguen un proceso de aprobación e seguimento diferente.

No que se refire ao proceso de renovación da acreditación, as tarefas de análise, reflexión e elaboración dos autoinformes desenvolvéronse entre novembro de 2016 e xaneiro de 2017 e nel participaron as comisións de todos os títulos da Facultade, coordinados a través da Comisión de Calidade do Centro (vid. actas da CCC de 29/11/2016 e 22/12/2016: E5_GLLI_Actas CCC_2016-2017). Os autoinformes foron aprobados o 30 de xaneiro de 2017, en primeira instancia na CCC e posteriormente na Xunta de Facultade. Os Informes Provisionais de Renovación da Acreditación,

emitidos pola ACSUG (con data de 2 de xuño de 2017 os correspondentes aos graos e de 9 de xuño de 2017 os dos mestrados), incluían unha valoración provisoria de cada un dos criterios avaliados e, eventualmente, aspectos que debían ser obxecto de elaboración dun plan de melloras e/ou recomendacións para a mellora en cada un dos citados criterios. Aqueles aspectos que se sinalaba que debían ser obxecto de elaboración dun plan de melloras eran de obrigado cumprimento, mais a CCC acordou tamén tomar en consideración as recomendacións sempre que fose posible e que non fosen obxecto dalgunha alegación. Na sesión do 26 de xuño de 2017, a CCC aprobou as alegacións e plan de melloras de todos os títulos de grao e mestrado. Os informes definitivos recibíronse con data de 28 de xullo de 2017 e todos os títulos sometidos ao proceso de renovación da acreditación obtiveron o informe favorable.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2016-2017 non se realizaron modificacións do SGIC do Centro, porque se está á espera de que se complete o proceso de actualización e modificación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade. Actualmente, a Comisión (aprobada na Xunta de Facultade de 30 de maio de 2017) está desenvolvendo os traballos de revisión, actualización e mellora do devandito documento e a previsión é que estes labores estean rematados antes da finalización do curso 2017-2018.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tralaballo Fin de Grao ou Tralaballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de Verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Debido á complexidade das modalidades de estudos ofertadas pola Facultade de Filoloxía, o cómputo do profesorado implicado na docencia do GLLI resulta especialmente complexo, dado que na titulación participan un elevado número de profesores de materias básicas, complementarias ou do Minor que son impartidas como materias do Maior doutras titulacións, e profesores de materias básicas transversais que son impartidas en todas as titulacións do Centro, como foi explicado detalladamente no IRA GLLI 2015-2016 (pp.10-11 e 30-32). Froito da reflexión contida neste documento foi a conclusión de que resulta máis axeitado concentrarnos na análise dos profesores da área de Filoloxía Inglesa do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá, xa que eles imparten maioritariamente as materias do Maior do GLLI.

O número de profesores/as da área de Filoloxía Inglesa do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá que imparten docencia no GLLI é de 26: 3 lectores, 1 profesor/a contratado/a doutor/a, 1 profesor/a titular de escola, 16 profesores/as titulares de universidade e 5 catedráticos/as. Coa excepción do profesor/a titular de escola, os restantes 25 profesores/as son os/as encargados/as da docencia das 34 materias ofertadas no GLLI: 20 materias do Maior (4 destas materias ofrécense como módulo complementario en Estudos ingleses I para outras titulacións e outras 4 ofrécense como módulo optativo do Minor en Estudos ingleses II para outras titulacións), 2 materias básicas obrigatorias (que ademais se ofrecen como materias básicas para as outras titulacións do Centro) e 12 materias optativas da especialidade (2501099_E15_2016-2017). Respondendo a unha iniciativa da Comisión do GLLI incluída como Acción de Mellora 4 (AM-4) no IRA GLLI 2015-2016 engadiuse un apartado na enquisa de satisfacción co TFG do curso 2016-2017 co obxectivo de acadar información sobre a modalidade de estudos cursada polo alumnado do GLLI, o que nos permite coñecer que un 71% dos alumnos que defenderon o seu TFG e responderon á enquisa optaron pola modalidade Maior plus, fronte a un 29% que o fixeron pola modalidade Minor. Isto parece indicar que houbo unha maioría de estudantes do GLLI que optaron por cursar as materias optativas de especialización en Estudos Ingleses impartidas por profesores da área de Filoloxía Inglesa no curso 2016-2017 (I4_GLLI_Enquisa Satisfacción TFG_2016-2017). Os profesores da área de Filoloxía Inglesa (agás os tres lectores) encargáronse en 2016-2017 da titorización de 82 dos 93 TFG do GLLI. Algúns destes profesores teñen docencia asignada noutros graos e facultades da USC. Como conclusión podemos manter que, como xa se indicou no IRA GLLI 2015-2016, este número de profesores é axeitado para o encargo docente aínda que resulta máis baixo que os números suxeridos na Memoria de Verificación, onde se falaba de 34 profesores da área de Filoloxía Inglesa (29 profesores e 5 lectores) para levar a cabo os labores docentes do GLLI. Debido á peculiaridade das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía,

non contamos con indicadores da ratio de estudantes por profesor, xa que o medio de cómputo deste indicador resultaba inadecuado para estas titulacións, dado que non ofrecía unha información adecuada á realidade, motivo polo que no *Informe de Seguimento* 2014-2015 se introduciu unha Acción de Mellora (AM-01) solicitando modificacións neste sistema de cómputo, o que levou á eliminación deste indicador a partir do curso 2015-2016. A pesar de que a colaboración de profesores das áreas transversais tanto no labor de titorización de TFG (no curso 2016-2017 dirixiron 11 TFG) como no labor de avaliación de TFG como membros dos tribunais de TFG do GLLI (no curso 2016-2017 2 profesores da área de Lingüística Xeral e 2 profesores da área de Teoría da Literatura e Literatura Comparada participaron nos 6 tribunais de TFG do GLLI), resulta fundamental na docencia da materia TFG directamente asociada á área de coñecemento de Filoloxía Inglesa no GLLI, reiteramos que a redución do cadro de persoal docente e a nula contratación de PDI por parte da USC nos últimos anos ten mermado a capacidade docente do PDI e contribuído drasticamente ao avellentamento do cadro de persoal.

EXPERIENCIA DOCENTE E INVESTIGADORA DO PDI

Todos os indicadores referentes á evolución da experiencia docente e investigadora do PDI seguen un claro proceso ascendente:

- a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total evolucionou desde o 63,21% no curso 2011-2012 ata o 89% do curso 2016-2017 (IN24-PS-01), superior á media da USC, que foi de 82,34% (2501099_MedUSC_2016-2017);
- a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total pasou de 79,25% en 2011-2012 a 89,66% en 2016-2017 (IN25-PS-01) superior á media da USC, que foi 86,43% (2501099_MedUSC_2016-2017);
- a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total pasou de 69,81% en 2011-2013 a 74,14% en 2016-2017 (neste caso a evolución resulta menos chamativa debido aos recortes económicos que aminoraron o ritmo de acceso ao corpo de funcionarios) (IN26-PS-01). Este indicador tamén é superior á media da USC, que foi 64,75% (2501099_MedUSC_2016-2017).

Estes valores están calculados sobre o PDI total da titulación, é dicir, incluíndo os profesores de materias transversais, básicas, complementarias e optativas do Minor que non pertencen ao Maior do GLLI. No caso dos profesores da área de Filoloxía Inglesa do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá encargados das materias do maior do GLLI, as porcentaxes elevaríanse considerablemente. Estes 23 profesores sumaron un total de 50 sexenios de investigación no curso 2016-2017 e 114 quinquenios de experiencia docente no mesmo curso (2501099_E15_2016-2017), o que supón un aumento de 2 sexenios na experiencia investigadora e 8 quinquenios de experiencia docente con respecto ao curso 2015-2016 (2501099_E11_2015-2016). Os datos de experiencia investigadora e docente melloran considerablemente os reflectidos na Memoria de Verificación, onde aparecen rexistrados 38 sexenios obtidos polos 23 profesores (PDI funcionario) de Filoloxía Inglesa (Anexos: Apartado 6, p. 183), fronte aos 50 rexistrados polos 23 profesores (22 PDI funcionario + 1 Profesor contratado doutor) encargados da docencia das materias da área de Filoloxía Inglesa do GLLI. Con respecto á experiencia docente, na Memoria de Verificación os 23 profesores titulares en Filoloxía Inglesa que impartían docencia na licenciatura sumaban un total de 72 quinquenios (Anexos: Apartado 6, p. 181), número que se ten incrementado significativamente no curso 2016-2017, no que os 23 profesores (22 PDI funcionario y 1 profesor contratado doutor) da área de Filoloxía Inglesa con docencia en materias da área de Filoloxía Inglesa da titulación alcanzaron un total de 114 quinquenios de docencia.

Como xa se concluía no IRA GLLI 2015-2016, estes resultados referentes á experiencia docente e investigadora do PDI a cargo da docencia do GLLI son en xeral positivos, especialmente se prestamos atención ao PDI encargado da docencia das materias da área de Filoloxía Inglesa, e melloran os datos expostos na Memoria de Verificación. Sen embargo, a evolución positiva destes datos tamén confirma o progresivo avellentamento do cadro de persoal. (IRA GLLI 2015-2016 p. 33).

VALORACIÓN DO LABOR DOCENTE

Proba da boa saúde do labor docente no GLLI son os resultados das enquisas de satisfacción coa docencia

recibida e coa docencia impartida:

- a valoración da docencia recibida segue a ser satisfactoria, xa que segue a situarse nas proximidades do 4, aínda que descendeu lixeiramente no curso 2016-2017, pasando de 3,93 no curso 2015-2016 a 3,84 no curso 2016-2017. Tal descenso de 0,09 puntos non resulta significativo e, de feito, o valor do curso 2016-2017 é moi lixeiramente superior ao do curso 2014-2015 (3,83) (IN46-S01-PM-01). Cómpre subliñar de novo que os aspectos mellor valorados son aqueles que se refiren á relación do PDI co alumnado, seguidos polos referentes á programación: con respecto á programación, o cumprimento do programa e o plan de traballo previsto foi valorado cun 4,10, valor lixeiramente máis baixo que o do curso anterior (4,21), e a explicación da programación da materia e a avaliación ao comezo do curso obtivo un 4,06, tamén lixeiramente máis baixo que o valor do curso anterior (4,20); polo que respecta á relación do PDI co alumnado, a capacidade e dispoñibilidade do profesor para resolver dúbidas que se lle presentan obtivo unha valoración de 4,23, a actitude receptiva que facilita a comunicación cos/as estudantes obtivo un moi satisfactorio 4,09, mellorando así lixeiramente a valoración do curso anterior (4,06) (2501099_INF.13_2016-2017). Estes últimos datos vense confirmados polos resultados das enquisas aos estudantes que defenderon o seu TFG no curso 2016-2017, onde queda constancia de que o aspecto "Globalmente estou satisfeito/a coa miña relación co/a titor/a" foi o mellor valorado do seu grupo, cun 4,14 (I4_GLLI_Enquisa Satisfacción TFG_2016-2017).
- a satisfacción do profesorado coa docencia impartida segue aumentando e pasou de 3,85 no curso 2015-2016 a 3,9 no curso 2016-2017 (IN47-S01-PM-01). Tamén o PDI valora dun xeito especialmente positivo a relación cos/as estudantes: superan o 4 tanto a valoración do seu nivel de coñecemento do nivel de comprensión dos alumnos (4,01, mellorando o 3,77 do curso 2015-2016), como a valoración da satisfacción coa relación creada co alumnado nas clases e titorías (4,28, mellorando o 4,11 do curso 2015-2016). Próximas ao 4 están as valoracións do traballo realizado polo alumnado (3,96, mellorando o 3,74 do curso 2015-2016) e o interese amosado polos/as estudantes cara á materia (3,82, case imperceptiblemente máis baixa que a valoración do curso 2015-2016, que foi de 3,83) (2501099_INF.14_2016-2017).

Como xa se adiantou no CRITERIO 1, apartado 1.2, a media de alumnos por grupo de teoría (70,44) (IN31-PS-01) e a media de alumnos por grupo de docencia interactiva (35,28) (IN32-PS-01) axústanse ás expectativas manifestadas na Memoria de Verificación (75 como media de alumnos por grupo de teoría e 25 como media de alumnos por grupo de docencia interactiva) (Anexos: Apartado 5, p. 37). As valoracións positivas acadadas nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida e a docencia impartida nos aspectos referentes á relación entre o PDI e o alumnado parecen confirmar que o tamaño dos grupos é correcto.

OFERTA DE FORMACIÓN DOCENTE

A USC conta cun programa propio de formación e innovación docente que ofrece cursos orientados a mellorar a calidade da docencia con especial referencia a aspectos como as TIC aplicadas á docencia, estratexias de ensino-aprendizaxe, avaliación etc. A porcentaxe de participación do PDI do GLLI neste tipo de actividades no curso actual descendeu con respecto ao curso anterior, pasando de 30,71% no curso 2015-2016 ao 25,69% do curso 2016-2017, aínda que segue a ser a porcentaxe máis alta entre as dez titulacións ofertadas na Facultade de Filoloxía e segue a ser máis alta que a porcentaxe do curso 2014-2015 (20,44%) (5040_16-17_2016-2017). A valoración media das actividades formativas segue a ser alta, aínda que descendeu lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 4,33 no curso 2015-2016 a 4,30 no curso 2015-2016 no conxunto do PDI da Facultade de Filoloxía (5040_INF.10_2016-2017). Proba do alto grao de satisfacción do PDI con estas actividades formativas é o aumento do valor obtido polo ítem "Recomendaríalles aos seus compañeiros que se matriculasen neste curso?", que pasou de 4,25 no curso 2015-2016 a 4,3 en 2016-2017. Todos os valores da enquisa de satisfacción son superiores a 4, destacando o 4,57 na valoración do tamaño dos grupos, o 4,44 na valoración dos horarios, o 4,31 na utilidade da formación recibida, o 4,29 da consecución dos obxectivos e o 4,28 da adecuación dos contidos teóricos (5040_INF.10_2016-2017). Podemos concluir que a oferta de actividades docentes para o PDI da Facultade de Filoloxía é suficiente e sobradamente satisfactoria.

ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DA INVESTIGACIÓN

Durante o curso 2016-2017 celebráronse na Facultade un total de 68 eventos, que inclúen congresos e simposios (varios deles de carácter internacional e coa participación de numerosos investigadores estranxeiros), seminarios, conferencias, cursos e xornadas, algúns deles deseñados como actividades formativas para estudantes de grao e posgrao e outros dirixidos á formación continua do profesorado e do persoal investigador en formación.

MOBILIDADE DO PROFESORADO

O número de PDI do GLLI participante en programas de mobilidade no curso actual foi superior ao número do curso anterior, pasando de 40 (5% sobre o total de PDI que imparte docencia no GLLI) no curso 2015-2016 a 46 (6,52% sobre o total de PDI que imparte docencia no GLLI) no curso 2016-2017 (5040_110_2016-2017).

No contexto da Facultade de Filoloxía ao longo do curso 2016-2017 tiveron lugar unhas 426 accións de mobilidade do PDI do centro (na mesma liña dos cursos anteriores: 2014-2015: 425; 2015-2016: 430):

- (a) Investigación: a maior parte das accións realizadas gardan relación coa formación e coa investigación: asistencia a congresos, estadias de investigación etc.; 374 accións (88% aprox. do total).
- (b) Docencia noutras universidades: 1 acción.
- (c) Asistencia a reunións de organismos de avaliación, tribunais de teses de doutoramento etc.; arredor de 51 accións.

Ademais durante o curso 2016-2017, a Facultade acolleu un total de 16 profesores/investigadores visitantes, procedentes de universidades de Alemaña, Brasil, Irlanda, Italia, Polonia e Suíza, así como doutras universidades españolas (A Coruña, Granada, Murcia, Valencia e Vigo). Estes profesores desenvolveron actividades de investigación e docencia no noso centro. A maior parte destes investigadores (9 de 16) realizaron estadias superiores a un mes de duración.

INCORPORACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR EN FORMACIÓN

Durante o curso 2016-2017 a Facultade incorporou ao seu persoal en formación 11 novos contratados predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (FPU, FPI) e autonómicas (Axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego). A cifra total de persoal deste tipo adscrito ao centro durante o curso 2016-2017 é de 34.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de Verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Centro conta co persoal necesario e perfectamente cualificado para levar a cabo os seus labores. O número de PAS na Facultade de Filoloxía é de 26, dos que 16 contan cunha experiencia superior aos 10 anos de servizo, e dos 9 restantes 5 teñen unha antigüidade superior aos 5 anos (5040_E16_2016-2017).

MODIFICACIÓNS QUE AFECTARON AO PAS NO CURSO 2016-2017

O cadro de Persoal de Administración e Servizos é suficiente para atender as necesidades fundamentais do Centro. Non sufriu ningún cambio durante o curso 2016-2017. En todo caso, a Facultade reitera a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico, fundamentalmente informático e audiovisual, de apoio á docencia instalado nas aulas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencia e laboratorios de idiomas, así como apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes.

SATISFACCIÓN DO PAS

A satisfacción media do PAS da Facultade de Filoloxía no curso 2016-2017 foi 3,6, algo máis baixa que a do curso 2015-2016 que fora de 3,67, aínda que a diferenza non parece significativa especialmente se temos en conta que segue a ser superior á valoración de 2014-2015 (3,58). Tampouco parece significativa a diferenza con respecto á satisfacción media do PAS na USC que en 2016-2017 foi 3,81. No informe da enquisa de satisfacción do curso 2016-2017 non se observa ningunha variación representativa con respecto aos valores obtidos no curso 2015-2016 e con respecto aos valores medios de satisfacción media do PAS na USC. As variacións máis chamativas son: (a) a diferenza de 0,36 puntos no ítem "Identifico, na actividade diaria, aspectos susceptibles de mellora" que pasou de estar valorado cun 4 no curso 2015-2016 a un 3,64 no curso 2016-2017; e (b) a diferenza de 0.3 puntos na valoración do ítem "A información necesaria para desenvolver o meu traballo é axeitada" con respecto ao curso 2015-2016 e de 0,31 con respecto á satisfacción media do PAS na USC (5040_INF.21_2016-2017).

OFERTA DE ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA O PAS

A satisfacción do PAS da Facultade de Filoloxía coa formación recibida é moderadamente superior á do PAS da USC (3,20 no caso do Centro fronte a 3,18 no caso de USC) e moderadamente inferior á do curso 2015-2016 (3,28) (5040_INF.21_2016-2017). Curiosamente a satisfacción global media manifestada polo PAS da USC cos cursos de formación recibidos segundo o Informe da enquisa de satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas foi de 3,91 (5040_INF.11_2016-2017), o que supón un importante contraste co dato da media da USC referente ao ítem "A formación recibida para desempeñar o meu traballo é axeitada" (3,18) publicado no Informe da enquisa de satisfacción do PAS da Facultade de Filoloxía (5040_INF.21_2016-2017). Non se observan variacións salientables nos resultados da enquisa de satisfacción do curso 2016-2017 con respecto aos resultados da enquisa do curso anterior. Os aspectos mellor valorados son o número de alumnos (4,28) e os horarios (4,07), e coma no caso do PDI o peor valorado é a información previa recibida do curso, que de todos os xeitos acadou un satisfactorio 3,56 (5040_INF.11_2016-2017).

Cómpre sinalar que as tres persoas máis directamente implicadas nas cuestións de Calidade realizaron o curso "Manexo da aplicación de axuda ao sistema de xestión (AASX)", dando así cumprimento a unha das tarefas incluídas na AM-9 do Plan de Melloras da Memoria de Calidade 2015-2016.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de Verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de Verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ofrécense a continuación datos referidos ás actuacións e melloras correspondentes ao curso 2016-2017, que complementan ou actualizan a información incluída no IRA GLLI 2015-2016 (espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudantado).

(i) Biblioteca: Os datos correspondentes ao ano 2016 (segundo a información proporcionada pola dirección da Biblioteca da Facultade) son os seguintes:

Títulos monografías ingresadas: 2.306

Títulos publicacións periódicas ingresadas: 398

Total volumes monografías a 31/12/2016: 198.372

Documentos catalogados en 2016 (monografías, p. periódicas, analíticas...): 3.764

Volumes prestados no centro: 53.998

Os datos correspondentes ao ano 2017 (segundo a información proporcionada pola dirección da Biblioteca da Facultade) son os seguintes:

- Total títulos de monografías en papel a 31/12/2017= 161.349
- Total de volumes de monografías en papel a 31/12/2017= 200.259
- Volumes de monografías en papel ingresados en 2017 = 2083
- Total títulos de publicacións periódicas en papel = 2731
- Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción = 417
- Documentos catalogados en 2017: Total = 3.606
 - monografías = 1804
 - p. periódicas = 8
 - analíticas de monografías e de p. periódicas = 1794

(ii) Melloras no equipamento e infraestruturas:

Durante o curso 2016-2017 continuouse coa política que vén desenvolvendo a Facultade nos últimos anos de mellora constante das súas infraestruturas e do seu equipamento para a docencia. As melloras máis significativas do curso obxecto de informe son as seguintes:

- Renovación de equipamento informático: ordenadores e canóns en aulas e seminarios de docencia; sistema de amplificación de aulas; novos sistemas de proxección para o Salón de Graos e o Salón de Actos; substitución dos auriculares da aula de informática de docencia (D02).
- Acondicionamento dos espazos docentes: eliminación dos armarios nas aulas pequenas; vernizado das tarimas e pintura das portas das aulas; instalación de enchufes nas dúas primeiras bancadas das aulas e nos seminarios.
- Adquisición de mobiliario: bancadas corredores; cadeiras despachos.
- Mellora dos fondos bibliográficos da biblioteca da Facultade (6.000€ do orzamento descentralizado do ano 2017).

(iii) Servizos propios da Facultade de Filoloxía de orientación e atención ao estudantado:

Durante o curso 2016-2017, a Facultade aprobou un **Plan de Acción Titorial (PAT)**, que formalizou así a política activa de orientación e atención ao estudantado que viña desenvolvendo dende hai anos por medio de accións a distintos niveis e que constituían, na práctica, un Plan de Acción Titorial. O deseño e posta en marcha do PAT foi acordada pola CCC na súa reunión de 29/11/2016 (Acción de Mellora nº 3 da Memoria de Calidade do Centro do curso 2015-2016; data de finalización prevista: 31/07/2017). O PAT foi aprobado pola CCC o 07/03/2017 e posteriormente pola Xunta de Facultade o 07/03/2017.

A continuación ofrécese un resumo das actividades incluídas no PAT durante o curso 2016-2017:

(a) Actividades de información e divulgación da oferta docente da Facultade:

(a.1) Participación do PDI da Facultade en distintas actividades do programa *A Ponte entre o ensino medio e a USC*. (Datos extraídos da memoria *A Ponte entre o ensino medio e a USC* 2016-2017:
http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/memoria_a_ponte_2016-17.pdf)

(a.1.1) Charlas temáticas nos centros de ensino medio de Galicia:

MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Charla "Cal ti es, así me dis. Idiosincrasia e universalidade na fraseoloxía galega"

- IES FÉLIX MURIEL (Rianxo – A Coruña)
- IES A PINGUELA (Monforte de Lemos – Lugo)
- IES RIO CABE (Monforte de Lemos – Lugo)
- IES MENDIÑO (Redondela – Pontevedra)
- CPI DE CERVANTES (San Román de Cervantes – Lugo)

FRANCISCO XOSÉ DUBERT GARCÍA (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Charla "Linguas en contacto"

- IES DE MOS (Mos – Pontevedra)
- IES EDUARDO PONDAL (Santiago de Compostela - A Coruña)
- CPI PLURILINGÜE CERNADAS DE CASTRO (Lousame – A Coruña)
- IES Nº 1 (Ordes – A Coruña)

JOSÉ VIRGILIO GARCÍA TRABAZO (Área de Lingüística Indoeuropea)

Charla "Lingüística Indoeuropea: reconstruíndo a prehistoria das nosas linguas e culturas"

- IES FERNANDO ESQUIO (Neda)
- IES GARCÍA BARBÓN (Verín – Ourense)
- IES ESPÍÑEIRA (Boiro – A Coruña)

LAURA MARÍA LOJO RODRÍGUEZ (Área de Filoloxía Inglesa)

Charla "Bram Stoker's Dracula: Literature and cinema"

- IES MARUXA MALLO (Ordes – A Coruña)
- IES LAXEIRO (Lalín – Pontevedra)

MARÍA BELÉN MÉNDEZ NAYA (Área de Filoloxía Inglesa)

Charla "Recent changes in English"

- IES DO MILLADOIRO (Ames – A Coruña)
- IES LUIS SEOANE (Pontevedra)
- IES TERRA DO XALLAS (Santa Comba - A Coruña)
- IES Mª SOLIÑO (Cangas – Pontevedra)
- IES PONTE CALDELAS (Ponte Caldelas – Pontevedra)

(a.1.2) Encontros na USC 2016-2017:

Os días 7, 8 e 9 febreiro de 2017 celebráronse os Encontros da USC no Campus de Santiago de Compostela, nos que participaron un total de 4.140 estudantes de 70 centros de ensino secundario de toda Galicia. Con esta iniciativa os estudantes de ensino medio poden recibir información sobre os estudos nos que están máis interesados (contidos, saídas profesionais etc.) e visitar o centro onde queren estudar.

Visitaron a Facultade de Filoloxía un total de 335 estudantes, que foron recibidos polos responsables do centro, os coordinadores dos títulos de grao e mencións, ademais da alumna titora.

(a.2) **Participación nas XXV Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional** organizadas polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña (presentación da oferta académica da Facultade a estudantes de ensino medio). 06/04/2017. Profa. Patricia Fra López.

(a.3) **Distribución de material impreso sobre a oferta académica da Facultade** (trípticos e marcapáxinas) en todos os centros de ensino secundario, públicos e privados, de Galicia (primeira semana de maio de 2017).

(b) Actividades de acollida e orientación a estudantes propios:

(b.1) Sesión de benvinda aos **estudantes de novo ingreso** (12/09/2016).

(b.2) Xornada informativa sobre a **oferta de módulos complementarios e optativos** para o seguinte curso dirixida a estudantes de primeiro e segundo cursos (24/04/2017).

(b.3) Sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso (14/09/2016).

(b.4) Sesións informativas sobre as convocatorias de **programas de mobilidade** de estudantes (en colaboración co persoal do Servizo de Relacións Exteriores da USC) e sobre o procedemento de asignación de prazas do programa Erasmus, dirixidas a estudantes de segundo e terceiro cursos (30/11/2016 e 14/12/2016).

(b.5) Xornada informativa sobre a **oferta de estudos de mestrado** da Facultade para o seguinte ano dirixida a estudantes de cuarto curso (24/04/2017).

(b.6) Sesión informativa sobre o programa de **prácticas externas** para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (15/09/2016).

(c) Actividades de acollida e orientación a estudantes alleos:

(c.1) Actos de recepción dos estudantes procedentes da República Popular de China ao inicio de cada cuatrimestre (VR de Internacionalización e membros do equipo decanal) (14/09/2016 e 01/02/2017).

GRAO DE SATISFACCIÓN COS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

En xeral, o grao de satisfacción dos distintos grupos de interese cos recursos materiais e servizos no curso 2016-2017 foi alto. Os egresados do curso 2015-2016 valoraron dun xeito especialmente positivo as infraestruturas e materiais dispoñibles no Centro (4 foi a media do Centro fronte á 2,85 que foi a media da USC) e o servizo de biblioteca (4,5 foi o valor medio no caso da Facultade de Filoloxía, fronte a 4 que foi a media da USC). Similarmente positiva foi a valoración do servizo de cafetería e comedor (3,9 no Centro fronte a 3,61 na USC), mentres que a valoración da información e o apoio recibidos nas sesións de acollida e presentación foi por primeira vez superior á media da USC: 3,1 no caso do Centro, fronte a 2,84 da USC. Tamén foi superior á media da USC a valoración do calendario, horarios, organización académica etc. (2,90 fronte a 2,84 na USC), aínda que este segue a ser un dos aspectos peor valorados polo alumnado da Facultade de Filoloxía. Cómpre indicar que dada a complexidade da oferta docente do Centro, que ofrece cinco titulacións de grao diferentes (unha delas con cinco mencións), que poden ser cursadas en tres modalidades distintas (modalidade Maior Plus, modalidade Minor e modalidade mixta), pódese considerar que obter unha valoración superior á media da USC resulta bastante satisfactorio para o Centro e para o profesorado do GLLI. Só os recursos tecnolóxicos obtiveron unha valoración inferior, pero moi cercana á media da USC: 3,5 foi a valoración do título, fronte a 3,67 da USC (2501099_INF.09_2016-2017).

Con respecto ao grao de satisfacción do alumnado, tanto a valoración dos recursos didácticos empregados polo PDI (3,74) como a do material de apoio (3,73) son positivas e moi similares ás dos cursos anteriores: non se

observan discrepancias significativas (2501099_INF.13_2016-2017). Os resultados do Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación tamén son en xeral positivos no que respecta tanto aos recursos materiais e servizos como á orientación: todos os ítems relacionados con estes dous aspectos se mantiveron próximos á media da USC e lixeiramente superiores agás no caso dos laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento, que obtivo un valor de 2,69, só 0,05 por debaixo da media da USC (2501099_INF.22_2016-2017).

Tamén é positiva a valoración do material e servizos de apoio á docencia na USC feita polo PDI, 3,98 (só lixeiramente inferior á do curso 2015-2016 que foi de 4,19), e especialmente a valoración dos recursos para a docencia aportados polo Centro, 4,03 (tamén lixeiramente máis baixo que o 4,29 acadado no curso 2015-2016) (2501099_INF.14_2016-2017). Nos resultados do Informe das enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación, os valores relacionados con recursos materiais e servizos, e orientación ao alumnado son, en xeral, máis altos, pero comparativamente similares aos do alumnado, xa que practicamente todos eles son superiores á media da USC e oscilan entre o 3,55 na valoración da orientación profesional e laboral para o alumnado (3,59 de media na USC), e o 4,46 na valoración da dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación (4,15 de media na USC) (2501099_INF.23_2016-2017).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

ACTIVIDADES ACADÉMICAS, METODOLOXÍAS DOCENTES, SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Os programas e guías docentes das materias (E4), suxeitos a renovación, revisión e aprobación anual como aparece reflectido nas actas das reunións da Comisión de Calidade, os Consellos de Departamento e as Xuntas de Facultade encargadas de tales labores, recollen a información relativa ás actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación de cada unha das materias (E5-GLLI-Actas Comisión Calidade 2016-2017, E5_GLLI_Actas Xunta facultade_2016-2017). É importante sinalar que un dos aspectos mellor valorados nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2016-2017, coma nos anteriores, teña sido precisamente o grao de cumprimento da programación: así o ítem “[O/A profesor/a] Cumpre co programa e o plan de traballo previsto” foi valorado cun 4,10 no curso 2016-2017 (2501099_INF.13_2016-2017). Aínda que o grao de satisfacción do alumnado co cumprimento da programación é alto, a Comisión externa avaliadora do IRA GLLI 2015-2016 constatou que existían “desajustes entre a memoria verificada del grado y las guías docentes publicadas en la web, sobre todo en lo que respecta a contenidos, competencias y sistemas de evaluación. Se deben revisar las guías docentes para garantizar al máximo ese ajuste o revisar la memoria, por si fuera necesario realizar una modificación por el procedimiento legal establecido” (*Informe final de evaluación para la renovación de la acreditación*, p. 4). Isto levou á proposta dunha Acción de Mellora no documento *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas* (AM-01: “Establecimiento de un protocolo de actuación para la detección de desajustes entre programación docente y memoria de Verificación del título. Adopción de medidas de cara a asegurar el necesario ajuste entre la memoria verificada y la programación docente de las distintas asignaturas que se imparten en el título”), que está en proceso nestes momentos, como xa se explicou no CRITERIO 1, apartado 1.2.

RESULTADOS DA APRENDIZAXE

O apartado correspondente da Memoria de Verificación do título (Apartado 8.2: “Procedimiento general de la Universidad para valorar el progreso y los resultados del aprendizaje de los estudiantes”) identifica cales son os indicadores que a titulación, e a Universidade de Santiago de Compostela no seu conxunto, emprega para valorar o progreso e os resultados da aprendizaxe dos estudantes. Tales indicadores son:

- Taxa de graduación*.
- Taxa de eficiencia*.
- Taxa de éxito*.
- Taxa de abandono do sistema universitario*.
- Taxa de interrupción dos estudos*.

- Taxa de rendemento*.
- Media de alumnos por grupo*.
- Créditos de prácticas en empresas.
- Créditos cursados por estudantes do título noutras Universidades no marco de programas de mobilidade.
- Créditos cursados por estudantes doutras Universidades no título no marco de programas de mobilidade.
- Resultados de inserción laboral.
- Resultados dos recursos humanos.
- Resultados dos recursos materiais e servizos.
- Resultados da retroalimentación dos grupos de interese (medidas de percepción e análise de incidencias).
- Resultados da mellora do SGIC. (Memoria de Verificación, Apartado 8.2, pp. 254-255)

Dado que os nove últimos puntos son analizados nos correspondentes apartados deste *Autoinforme de Seguimento*, prestaremos agora atención ás seis primeiras taxas, tendo en conta que a taxa de eficiencia dos titulados foi extinguida no curso 2014-2015, debido a que penalizaba aos alumnos que se matriculaban en materias a maiores das necesarias para graduarse; no curso 2015-2016 foi substituída polo Ministerio por unha nova taxa de eficiencia (rendemento dos egresados; IN53G-S01-PM-01), complementada por dúas novas taxas: taxa de éxito dos egresados (IN50-S01-PM-01) e taxa de idoneidade na graduación (IN51-S01-PM-01).

-Taxa de rendemento (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon). A taxa de rendemento global no GLLI no curso 2016-2017 evolucionou positivamente, xa que se melloraron con folgura os resultados do curso 2015-2016 e pasouse de 70,67% en 2015-2016 a 75,99% en 2016-2017 (IN34-S01-PM-01), situándose aínda así por debaixo da media da USC (78,31%), pero xa moi preto dela (2501099_Med.USC_2016-2017), de xeito que se converteu no grao con mellor taxa de rendemento na Facultade de Filoloxía (IN34CG-S01-PM01). No desglose por cursos non se observan discrepancias importantes, dado que a taxa varía só entre o 72,75% do primeiro curso como a máis baixa e o 79,47% do segundo curso como a máis alta. No desglose por materias a taxa de rendemento máis baixa entre as materias da área de Filoloxía Inglesa (agás a materia Traballo de Fin de Grao) corresponde a *Sintaxe e semántica da lingua inglesa*, cun 52,17%, o que supón un descenso de case 6 puntos con respecto á taxa do curso anterior (58,04%). Este descenso vén asociado ao descenso na taxa de avaliación desta materia, que tamén caeu con respecto ao curso a 2015-2016, aínda que non de xeito tan acusado. Descendeu tamén, aínda que non de xeito drástico, a taxa de rendemento da materia *Literatura norteamericana 1*, que pasou de 64,15% en 2015-2016 a 62,50% en 2016-2017. Este descenso ten unha evidente explicación no descenso na taxa de avaliación desta materia, que pasou de 88,68% en 2015-2016 a 80,77% en 2016-2017. A mellora máis chamativa é a experimentada pola materia *Fonética e fonoloxía inglesas*, que pasa dun alarmante 37,59% no curso 2015-2016 a 64,85%. Tamén a materia *Lingua inglesa 2* experimenta unha evolución positiva, pasando de 43,26% no curso 2014-2015 a 61,49% no curso 2015-2016 e 73,13% en 2016-2017. Entre as materias da área de Filoloxía Inglesa, as taxas de rendemento máis altas (100%) corresponden principalmente a materias optativas cursadas na modalidade Maior plus. A materia Traballo de Fin de Grao segue a ser en 2016-2017 a que presenta unha taxa de rendemento máis baixa (51,24%), aínda que o dato positivo é a mellora desta taxa con respecto ao curso 2015-2016 (48,74%). Con respecto ás materias básicas que non pertencen á área de Filoloxía Inglesa, as taxas de rendemento máis baixas no curso 2016-2017 corresponderon a *Lingua latina 1* (50% fronte a 68,42% en 2015-2016) e *Lingua italiana 2* (53,85% fronte a 58,62% en 2015-2016). Entre as materias doutras áreas impartidas como parte de módulos complementarios e optativos do Minor, as taxas de rendemento máis baixa foi a de *Lingua francesa 3*, cun alarmante 26,32% (dos 19 matriculados suspenderon a materia 11 e non se presentaron 2 (2501099_INF.15_2016-2017)), *Lingua francesa 4*, cun 40%, e *Historia da lingua francesa*, cun 40% (2501099_INF.18_2016-2017).

-Taxa de éxito (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron). A taxa de éxito no curso 2016-2017 foi 86,41% (IN35-S01-PM-01), polo que aínda que segue a estar por debaixo da taxa media da USC, que foi 87,35% (2501099_Med.USC_2016-2017), xa se sitúa moi preto dela e, ademais, convértese na segunda mellor taxa dos graos impartidos na Facultade de Filoloxía (só por debaixo de Filoloxía Clásica, que presenta un 86,84%). Obsérvase unha mellora significativa con respecto á taxa do curso 2015-2016, que fora de 81,7%, e, especialmente, con respecto á taxa de 2014-2015, que fora de 77,93%. No desglose por cursos a

taxa de éxito máis baixa corresponde a primeiro, cun 81,1%; no resto dos cursos a taxa é considerablemente máis alta: 88,24% en segundo, 86,65% en terceiro e 91,17% en cuarto. As diferenzas entre anos académicos non resultan moi significativas e mantense unha tendencia positiva en xeral, dado que no ano anterior as taxas de primeiro e segundo non chegaban a 80%: 78,12% en primeiro e 76,32% en segundo (IN35-S01-PM-01). No desglose por materias obsérvase que entre as materias da área de Filoloxía Inglesa, a taxa de éxito máis baixa en 2016-2017 corresponde a *Sintaxe e semántica da lingua inglesa*, cun 65,93%, seguida por *Historia e cultura dos países de fala inglesa*, cun 76,27%. En contraste co caso de *Historia e cultura dos países de fala inglesa*, no que a taxa de 2016-2017 supón unha mellora con respecto á taxa de 2015-2016, que fora de 74,26%, a taxa de *Sintaxe e semántica da lingua inglesa* sofre un descenso con respecto á taxa de 2015-2016, que fora de 73,03%. É importante subliñar a mellora da taxa de éxito nas materias *Fonética e fonoloxía inglesas*, que pasa de 49,50% en 2015-2016 a 81,68% en 2016-2017, *Poesía inglesa*, que pasa de 61,90% en 2015-2016 a 79,25% en 2016-2017, e *Lingua inglesa 3*, que pasa de 64,80% en 2015-2016 a 80,15% en 2016-2017. Especialmente positiva é a evolución da taxa de éxito nesta última materia, que no curso 2014-2015 tivera unha taxa de éxito de 50,39%, e en *Lingua inglesa 2*, que pasou de ter unha taxa de 47,66% en 2014-2015 a 78,40% en 2016-2017. Dez das materias da área de Filoloxía Inglesa obteñen unha taxa do 100%, todas elas materias optativas da modalidade Maior plus impartidas en terceiro e cuarto. Entre as materias básicas, a taxa de éxito máis baixa en 2016-2017 foi a de *Lingua latina 1*, cun 52,94%, o que supón un descenso importante con respecto á taxa do curso 2015-2016, que fora de 76,47%. *Lingua grega 2* presenta unha taxa de éxito do 0% pois só se presentou un dos dous matriculados e non conseguiu superar a materia (2501099_INF.15_2016-2017). A taxa de éxito foi do 100% en *Lingua latina 2*, *Lingua portuguesa 1* e *Lingua portuguesa 2*. Entre as materias doutras áreas cursadas como parte do módulo complementario ou o módulo optativo do Minor, a taxa de éxito máis baixa foi de novo a de *Lingua francesa 3* (32,25%), seguida a certa distancia por *Historia da literatura francesa* (50%) e *Introdución á gramática francesa* (53,85%). En contraste, trinta foron as materias nas que se acadou unha taxa de éxito do 100% (2501099_INF.17_2016-2017).

-Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou). Esta taxa descendeu do 89,34% do curso 2015-2016 ao 83,97% do curso 2016-2017 (IN53-S01-PM-01), pero como non contamos con datos anteriores non podemos valorar aínda con exactitude este descenso, que non parece alarmante, dado que o valor final non resulta negativo e se sitúa no terceiro posto dentro dos resultados dos graos impartidos na Facultade de Filoloxía (IN53CG-S01-PM-01).

-Taxa de éxito dos egresados (Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou). Esta taxa tamén descendeu con respecto ao curso anterior, pasando de 92,87% en 2015-2016 a 88,34% en 2016-2017 (IN50-S01_PM-01). Como no caso anterior, non contamos con datos de anos previos que nos permitan valorar con exactitude este descenso, pero a situación non parece alarmante, dado que o valor resultante non resulta negativo e, a falta de coñecer o dato do Grao en Lingua e Literatura Españolas, sitúase tamén no terceiro posto dentro dos resultados acadados polos graos impartidos na Facultade de Filoloxía (IN50CG-S01-PM-01).

-Taxa de idoneidade na graduación (Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. Aмосa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica). Esta taxa descendeu lixeiramente con respecto á taxa do curso anterior, pasando de 31,87% en 2015-2016 a 30,21% en 2016-2017 (IN51-S01-PM-01). Este descenso non parece significativo ou alarmante, dado que, de feito, o GLLI ten a mellor taxa de idoneidade entre os graos impartidos na Facultade de Filoloxía (IN51CG-S01-PM-01).

-Taxa de abandono

(a) Taxa de abandono durante o primeiro curso (Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X). A taxa de abandono durante o primeiro curso en 2016-2017 foi lixeiramente máis alta

que no curso 2015-2016, pasando de 16,15% a 17,2%. A subida non resulta especialmente significativa, dado que en números absolutos supuxo que abandonou de feito un estudante menos que no curso anterior: 16 (dunha cohorte de 93) en 2016-2017 fronte a 17 (dunha cohorte de 103) en 2015-2016 (IN40-S01-PM-01).

(b) Taxa de abandono RD 1393/2007 (Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior). O resultado desta taxa de abandono mellorou considerablemente con respecto ao curso anterior, pasando de 28,57% no curso 2015-2016 a 22,92% no curso 2016-2017 (IN41-S01-PM-01), e segue polo tanto a confirmar o proceso de mellora que se iniciou no curso 2013-2014, tal e como se explicou na reflexión relativa á Evidencia 19 do *Informe de Seguimento* do curso 2014-2015, recollida na Acta da Comisión da Titulación de GLLI do 17/11/2015, onde se fixo constar o vínculo evidente entre a alta taxa de abandono e o elevado número de estudantes da cohorte de ingreso do curso correspondente. Aínda que esta taxa segue a situarse por encima da taxa media da USC, (a) a diferenza é case imperceptible, dado que non chega a 0,4 (a media da USC foi 22,56%) (2501099_MedUSC_2016-2017), (b) é a taxa de abandono máis baixa entre as titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía (IN41CG-S01-PM-01) e (c) segue achegándose á previsión amosada na Memoria de Verificación, que era do 20% (Anexos: Apartado 8, p. 203).

-Duración media dos estudos (Duración media, en anos, na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos). A duración media dos estudos aumentou no caso do GLLI, pasando de 4,76 no curso 2015-2016 a 5,14 no curso 2016-2017 (IN38-S01-PM-01), o que sitúa ao GLLI en terceiro lugar entre as cinco titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía (IN38CG-S01-PM-01) e 0,17 puntos por riba da media da USC (2501099_MedUSC_2016-2017). Dado que a diferenza coa media da USC é practicamente imperceptible, o dato non parece especialmente preocupante.

-Taxa de graduación (Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso). A taxa de graduación situouse no curso 2016-2017 no 50%, o que confirma o proceso de mellora deste resultado despois do pésimo resultado do curso 2014-2015, cando esta taxa se situou nun 27,57% (IN37-S01-PM-01). Como xa foi argumentado no IRA GLLI 2015-2016 (p. 48-49) e no *Informe de Seguimento* do curso 2014-2015 na análise da evidencia 19 recollida na Acta da Comisión do Título de GLLI do 17/11/2015 (E5-GLLI-Actas Comisión Título GLLI 2014-2016 (pdf)), tal proceso de recuperación está directamente vinculado ao establecemento dunha limitación de prazas de novo ingreso a partir do curso 2011-2012. Aínda que o valor desta taxa segue a estar por debaixo da media da USC (56,83%) (2501099_Med.USC_2016-2017), sitúase por enriba das expectativas manifestadas na Memoria de Verificación (40,00%) (Anexos: Apartado 8, p. 203) e supera a taxa de graduación do resto das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía (IN37CG-S01-PM-01).

-Taxa de avaliación (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados). Tamén a taxa de avaliación mellorou no curso 2016-2017 con respecto ao curso 2015-2016, pasando de 86,50% a 87,94% (IN36-S01-PM-01), e aínda que se mantén lixeiramente por debaixo da media da USC (89,66%), é a máis alta entre as titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía (IN36CG-S01-PM-01). No desglose por cursos segue a observarse que, coma no curso 2015-2016, a taxa de avaliación máis baixa en 2016-2017 corresponde a cuarto curso (84,05%), probablemente como consecuencia do requisito de ter aprobadas o resto das materias para poder defender o TFG, o que motiva que todos aqueles estudantes que si cumprían os requisitos para matricularse do TFG pero non conseguiron aprobar todas as materias non poidan defendelo (Artigos 4.2 e 4.4 do *Regulamento TFG e TFM da USC*: http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/gaos/TFG/normativa/TFG_normativa.html). De feito, no desglose por materias, a taxa de avaliación máis baixa entre as materias da área de Filoloxía Inglesa corresponde á materia Traballo de Fin de Grao (56,20%). Maníéstase así, de novo, a negativa incidencia deste aspecto da Normativa de Permanencia da USC na dinámica académica. A materia *Análise de textos do inglés antigo e medio* ten unha taxa de avaliación do 60% (dos 5 estudantes matriculados tres presentáronse ao exame da materia (2501099_INF.15_2016-2017)) e o resto das materias da área de Filoloxía Inglesa superaron o

79,13% da materia *Sintaxe e semántica da lingua inglesa*. Seis materias, todas elas optativas da modalidade Maior plus, obteñen un 100% na taxa de avaliación. Entre as materias básicas doutras áreas de coñecemento, *Lingua grega 2* ten a taxa de avaliación máis baixa, cun 50%, xa que dos dous matriculados do GLLI nesta materia só un se presentou ao exame (2501099_INF.15_2016-2017). Do resto destas materias, catro acadaron unha taxa de 100%. Entre as materias dos módulos complementario e optativo do Minor, a taxa máis baixa correspondeu a *Estudos teatrais*, cun 50% (de 4 matriculados non se presentaron 2 (2501099_INF.15_2016-2017)), seguida por 57,14% en *Panorama da literatura alemá 1* (de 7 matriculados non se presentaron 3 (2501099_INF.15_2016-2017)) e 58,33% en *Gramática italiana* (de 12 matriculados non se presentaron 5 (2501099_INF.15_2016-2017)). Entre estas materias, foron 22 as que acadaron unha taxa do 100% (2501099_INF.19_2016-2017).

Tendo en conta estes resultados, podemos afirmar que se teñen acadado os resultados da aprendizaxe previstos na Memoria de Verificación e adecuados ao nivel MECES, algo que foi posible grazas á contribución decisiva das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificacións. Así o suxiren os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida e satisfacción dos egresados:

(A) No caso da enquisa de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida, os estudantes valoraron moi positivamente aspectos relacionados non só cos resultados da aprendizaxe, senón tamén cos resultados do programa formativo como o cumprimento da programación:

- os aspectos “Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente” e “Cumpre co programa e o plan de traballo previsto” foron valorados no curso 2016-2017 cun 4,06 e 4,10 respectivamente (2501099_INF.13_2016-2017);
- o ítem “Motiva a participación crítica e activa” obtivo en 2016-2017 unha valoración de 3,81(2501099_INF.13_2016-2017). Este aspecto está directamente relacionado co descritor 2b dos que definen as características das cualificacións ubicadas no nivel MECES 2, no que se sitúan os estudos de grado segundo o artigo 6 “Nivel de grado”, apartado 2 do Real Decreto 1027/2011, de 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior, publicado en BOE, 3 de agosto de 2011 (de aquí en adiante citado como art. 6.2 RD 1027/2011): “b) poder, mediante argumentos o procedimientos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras” (p. 87915);
- o ítem “Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información...” obtivo en 2016-2017 un valor de 3,64 (2501099_INF.13_2016-2017). Este aspecto está directamente relacionado co descritor 2e dos que definen as características das cualificacións ubicadas no nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de manera clara y precisa, conocimientos, metodologías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915);
- o ítem “Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma” obtivo en 2016-2017 unha valoración de 3,61 (2501099_INF.13_2016-2017). Este aspecto está directamente relacionado cos descritores 2c e 2d dos que definen as características das cualificacións ubicadas no nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “c) tener la capacidad de recopilar e interpretar datos e informaciones sobre las que fundamentar sus conclusiones incluyendo, cuando sea preciso y pertinente, la reflexión sobre asuntos de índole social, científica o ética en el ámbito de su campo de estudio; d) ser capaces de desenvolverse en situaciones complejas o que requieran el desarrollo de nuevas soluciones tanto en el ámbito académico como laboral o profesional dentro de su campo de estudio” (p. 87915);
- o ítem “Organiza ben as clases e explica con claridade favorecendo a comprensión da materia” acadou en 2016-2017 unha valoración de 3,77 (2501099_INF.13_2016-2017).

(B) Os resultados da enquisa aos egresados tamén amosan, en xeral, valores positivos que confirman o nivel de cumprimento dos criterios MECES:

- a capacidade de aprendizaxe autónoma obtivo entre os egresados no curso 2015-2016 unha valoración de 3,30 (a media da USC foi 3,79) (2501099_INF.09_2016-2017). Esta capacidade está directamente relacionada co descritor 2f dos que definen as características das cualificacións ubicadas no nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): "f) ser capaces de identificar sus propias necesidades formativas en su campo de estudio y entorno laboral o profesional y de organizar su propio aprendizaje con un alto grado de autonomía en todo tipo de contextos (estructurados o no)" (p. 87915);
- a capacidade de pensamento crítico acadou entre os egresados do curso 2015-2016 unha valoración de 3,40 (a media da USC foi 3,42) (2501099_INF.09_2016-2017). Esta capacidade está directamente relacionada con todos os descritores dos que definen as características das cualificacións ubicadas no nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011, p. 87915);
- a contribución da titulación á capacidade de comunicación oral e escrita obtivo entre os egresados no curso 2015-2016 unha valoración de 4 (a media da USC foi 3,35) (2501099_INF.09_2016-2017). Esta capacidade está directamente relacionada co descritor 2e dos que definen as características das cualificacións ubicadas no nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): "e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de manera clara y precisa, conocimientos, metodologías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio" (p. 87915);
- a contribución da titulación á capacidade de análise foi valorada entre os egresados no curso 2015-2016 cun 3,33 (a media da USC foi 3,37) (2501099_INF.09_2016-2017). Esta capacidade está directamente relacionada cos descritores 2a, 2b, 2c dos que definen as características das cualificacións ubicadas no nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): "a) haber adquirido conocimientos avanzados y demostrado una comprensión de los aspectos teóricos y prácticos y de la metodología de trabajo en su campo de estudio con una profundidad que llegue hasta la vanguardia del conocimiento; b) poder, mediante argumentos o procedimientos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras; c) tener la capacidad de recopilar e interpretar datos e informaciones sobre las que fundamentar sus conclusiones incluyendo, cuando sea preciso y pertinente, la reflexión sobre asuntos de índole social, científica o ética en el ámbito de su campo de estudio" (p. 87915);
- a contribución da titulación á capacidade de transmitir información, ideas etc. obtivo entre os egresados no curso 2015-2016 unha valoración de 3,80 (a media da USC foi 3,36) (2501099_INF.09_2016-2017). Esta capacidade está directamente relacionada co descritor 2e dos que definen as características das cualificacións ubicadas no nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): "e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de manera clara y precisa, conocimientos, metodologías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio" (p. 87915);
- a contribución da titulación á capacidade de aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas de modo creativo ou orixinal foi valorado entre os egresados no curso 2015-2016 cun 3 (a media da USC foi 3,01) (2501099_INF.09_2016-2017). Esta capacidade está directamente relacionada cos descritores 2b e 2d dos que definen as características das cualificacións ubicadas no nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): "b) poder, mediante argumentos o procedimientos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras;... d) ser capaces de desenvolverse en situaciones complejas o que requieran el desarrollo de nuevas soluciones tanto en el ámbito académico como laboral o profesional dentro de su campo de estudio; e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de manera clara y precisa, conocimientos,

metodoloxías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio" (p. 87915).

(C) As respostas obtidas nas enquisas realizadas aos estudantes que defenderon o seu TFG no curso 2016-2017 amosan resultados similares aos anteriores con respecto á valoración das competencias adquiridas a través da realización deste traballo. Con respecto á contribución do TFG á adquisición das competencias xerais especificadas na Memoria de Verificación, só tres aspectos baixaron dunha valoración de 3,8: "Análise crítica da realidade sociocultural xeral e dos países de fala inglesa en particular" acadou un 3,65; "Desenvolvemento do plurilingüismo e da conciencia intercultural global compatible coa identidade local" acadou un 3,45 en 2016-2017; e "Habilidade para buscar, obter e procesar información..." obtivo un 3,72. O resto dos valores estiveron preto do 4: "Tratamento de información nunha segunda lingua (nivel B2) así como da súa literatura e cultura" acadou unha valoración de 3,94 en 2016-2017; "Utilización da lingua inglesa como medio oral e escrito (nivel C2)" e "Capacidade de interpretar e expresar con claridade e precisión datos e argumentacións" obtiveron un 3,91; "Conciencia e xestión eficaz de capacidades e estratexias propias..." acadou un 3,87 en 2016-2017; "Capacidade de imaxinar e desenvolver proxectos individuais e colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico" foi valorado cun 3,85 en 2016-2017; e o ítem "Desenvolvemento da sensibilidade estética, da conciencia histórica e da capacidade creativa a través do coñecemento e valoración da literatura, a cultura e a civilización anglosaxona" pasou a 3,81 en 2016-2017. Todos estes valores son similares aos de anos anteriores. Os valores son incluso mellores no caso das competencias non especificadas na Memoria de Verificación: todos eles (agás "Uso dos coñecementos adquiridos ao longo dos estudos..." que obtivo un 3,6) estiveron no entorno do 4: "Capacidade para buscar e seleccionar información relevante" (4,13), "Capacidade para identificar as limitacións e/ou carencias do traballo..." e "Capacidade para deseñar e organizar as tarefas para alcanzar os obxectivos..." (4,04), "Capacidade para organizar a información e presentala de forma clara..." (3,98), "Capacidade para definir os obxectivos do traballo" (3,96), "Dominio da expresión oral e escrita..." (3,88). Non se observan variacións significativas nestes valores con respecto aos do curso 2015-2016 ou con respecto aos valores medios do Centro.

SEGUIMIENTO DOS RESULTADOS

Como se pode observar tanto nos sucesivos *Informes de Seguimento* da titulación coma no *Informe de Renovación da Acreditación* do GLLI de 2015-2016 (IRA GLLI 2015-2016), os indicadores dos resultados da aprendizaxe son escrupulosamente analizados anualmente e tidos en conta nun intento constante de perfeccionar o plan de estudos da titulación (para un seguimento dos resultados anterior ao curso 2016-2017, véxase IRA GLLI 2015-2016 p. 52-53). A reflexión incluída no epígrafe anterior "Resultados da aprendizaxe" do presente *Autoinforme de Seguimento* é proba do proceso de cumprimento dos compromisos acerca das taxas de resultado establecidos no documento de *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas*, que foron os seguintes:

-CRITERIO 6: "Se recomienda continuar con el seguimiento de aquellas asignaturas que presentan en la serie histórica bajas tasas de rendimiento": "La Comisión del GLLI a través de la coordinadora del grado se compromete a continuar realizando el seguimiento de aquellas asignaturas que presentan en la serie histórica bajas tasas de rendimiento" (p. 11).

-CRITERIO 7: "La tasa de graduación presenta una evolución favorable situándose en el curso 2015/2016 en un 43,96%, superior al 40% previsto en la memoria verificada del título. Siendo estos porcentajes mejorables, se recomienda mantener activa la acción de mejora ejecutada en el curso 2015/2016 con el objetivo de realizar un especial seguimiento de esta tasa en los próximos años estableciendo una acción de mejora al respecto": "Como se argumentó en el IRA del GLLI, la evolución favorable de esta tasa se explica en parte como resultado de la acertada decisión de establecer una limitación de plazas en el acceso a la titulación. De todos modos, la Comisión del GLLI se compromete a mantener activa como buena práctica la acción de mejora 3 (AM-3) del Informe de seguimiento del curso 2014-2015, ejecutada en el curso 2015/2016, con el objetivo de realizar un especial seguimiento de esta tasa en los próximos años. Tal acción de mejora consistía en intentar 'lograr un incremento no número de TFG defendidos a través da recomendación formal por correo electrónico a alumnos de TFG e titores encargados da dirección de traballos na que se

insista na necesidade de programar axeitadamente o proceso de elaboración do TFG a desenvolver ao longo do ano académico” (p. 11). Como se insistía neste documento, un dos grandes obstáculos á hora de mellorar esta taxa atópase na esixencia recollida no Regulamento da USC sobre TFG e TFM (artigo 4.4) e na Normativa de Permanencia (artigos 6.3 e 6.4) que establecen como requisito para defender o TFG ter aprobadas todas as demais materias da titulación.

-CRITERIO 7: “La tasa de abandono presenta una evolución favorable descendiendo de un 41,86% a un 28,57% entre el curso 2013-14 y 2015-16”: “La Comisión del GLLI se compromete a mantener el seguimiento de los resultados referentes a las tasas de abandono, acción que se llevará cabo principalmente en los informes de seguimiento anuales del título. Asimismo, se prestará especial atención a los resultados obtenidos a través de la acción de mejora 4 (AM-4) del Informe de seguimiento del GLLI del curso 2014-2015, actualmente en la segunda fase de ejecución” (p.12). Como se explica no CRITERIO 7, apartado 7.1, a segunda fase de execución da Acción de Mellora 4 do *Informe de seguimiento* do curso 2014-2015 está en proceso.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

INDICADORES DE DEMANDA

Como xa se observou no Criterio 1, Apartado 1.1 ao analizar o interese académico e a actualización da titulación, e no apartado 1.4 ao analizar o perfil de ingreso, os indicadores de demanda da titulación seguen unha liña crecente e son incluso máis altos que os manifestados nas expectativas fixadas na Memoria de Verificación. Neste senso os indicadores amosan, por tanto, datos maioritariamente positivos:

- Número de prazas ofertadas: como se vén facendo desde o curso 2011-2012, no que entrou en vigor a limitación de prazas do GLLI (para máis información ver *Informe de Seguimento* del curso 2010-2011, pp. 16, 21) (<http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>), o número de prazas ofertadas no curso 2016-2017 foi de 100 (IN01-PC-05). A evolución positiva nos resultados da titulación confirma o acertado desta limitación. Se temos en conta que foron 129 os alumnos que solicitaron esta titulación como primeira opción e 92 deles foron admitidos, a oferta parece en xeral adecuada á demanda (2501099_INF.CIUG_2016-2017), dato corroborado polo Informe sobre o cuestionario pasado ao alumnado de primeiro no acto de benvida na Facultade de Filoloxía, onde 86 dos 98 estudantes matriculados no GLLI (87,75%) que responderon á enquisa declararon que esa fora a súa primeira opción (E3_GLLI_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_2016-2017).
- Matrícula: o número de estudantes matriculados no GLLI ascendeu lixeiramente no curso 2016-2017, chegando a 476 fronte aos 467 do curso 2015-2016 (IN02-PC-05).
- Matrícula de novo ingreso e matrícula de inicio de estudos: como consecuencia da limitación de prazas, tanto a matrícula de novo ingreso como a de inicio de estudos mantívose próxima a 100: a matrícula de acceso en 2016-2017 foi de 109 estudantes, dous menos que en 2015-2016 (IN03-PC-05), e a matrícula de novo ingreso por preinscrición foi loxicamente un pouco máis baixa, situándose en 101 estudantes (IN04-PC-05). Os datos confirman, por tanto, que a demanda xustifica a oferta de prazas.
- Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición: a variación deste tipo de matrícula foi negativa no caso do curso 2016-2017 (-3,81) (IN05-PC-05), xa que se produciu un leve descenso no número de matriculados, pasando de 105 en 2015-2016 a 101 en 2016-2017.
- Notas de acceso: a nota media de acceso aumentou no curso 2016-2017, pasando de 8,98 en 2015-2016 a 9,26 en 2016-2017 (IN06-PC-05) (9,302 foi a media dos alumnos procedentes de bacharelato e 7,15 foi a nota media dos alumnos procedente de Formación Profesional) (2501099_INF.CIUG_2016-2017). A porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con nota superior a 6 mantívose no 100% (IN07-PC-05). Estes datos suxiren unha evidente mellora no nivel académico do perfil de ingreso real, como sinalamos nos apartados 1.1 e 1.4 do Criterio 1, e parecen tamén confirmar a existencia dunha demanda

constante e incluso crecente de admisión na titulación, dado que o nivel académico de acceso foi incrementándose nos últimos anos. De feito, só 6 dos alumnos matriculados por preinscrición no curso 2016-2017 tiñan unha nota entre 6 e 7 (2501099_INF.CIUG_2016-2017).

- Porcentaxes de estudantes estranxeiros e nacionais de fóra de Galicia: a titulación mantén un moderado nivel de demanda entre estudantes estranxeiros e nacionais de fóra de Galicia, como suxire a evolución destas porcentaxes. A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados en 2016-2017 foi de 2,52%, superior por tanto a esta porcentaxe no curso 2015-2016 (1,71%) (IN08-PC-05), e a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre o total de matriculados foi de 1,68%, tamén superior á do curso 2015-2016 (1,28%) (IN09-PC-05). Como xa suxerimos no apartado 1.1, entre os alumnos procedentes de Galicia é interesante subliñar a demanda asociada a poboacións máis próximas a outros centros universitarios onde se ofrecen estudos similares á titulación de GLLI (2501099_INF.16_2016-2017).
- Relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas: a relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas en 2016-2017 corrobora o alto nivel de demanda da titulación e mellora o dato do curso anterior, pasando de 86% en 2015-2016 a 90% en 2016-2017 (IN10-PC-05). De feito, dos 129 alumnos que solicitaron preinscrición na titulación como primeira opción, 37 non conseguiron praza; dos 82 que solicitaban praza como segunda opción, foron admitidos 9 e dos 77 que solicitaron praza como terceira opción, foron admitidos 2 (2501099_INF.CIUG_2016-2017). O Informe sobre o cuestionario pasado ao alumnado de primeiro na sesión de benvida na Facultade de Filoloxía corrobora estes datos, xa que dos 98 alumnos matriculados no GLLI que cubriron a enquisa 86 (87,75%) declararon esta era a súa primeira opción. Este mesmo informe indica que do total dos enquisados 4 tiveron que matricularse noutro grao por non poder acceder ao GLLI (E3_GLLI_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_2016-2017).
- Taxa de ocupación: a taxa de ocupación seguiu a ser positiva no curso 2016-2017, aínda que descendeu lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 105 en 2015-2016 a 101 en 2016-2017 (IN11-PC-05).

RESULTADOS

Como xa foi analizado no Criterio 6, Apartado 6.1, os indicadores de resultados en xeral melloraron con respecto a cursos anteriores, e aínda que seguen estando por debaixo da media global, están xa moi preto dela e, en xeral, superan as expectativas expresadas na Memoria de Verificación:

- a taxa de rendemento mellorou con respecto ao curso anterior, pois pasou de 70,67% en 2015-2016 a 75,99% en 2016-2017 (IN34-S01-PM-01) e achégase á media da USC, que foi de 78,31% (2501099_MedUSC_2016-2017);
- a taxa de éxito tamén mellorou no curso 2016-2017: pasa de 81,70% en 2015-2016 a 86,41% en 2016-2017 (IN35-S01-PM-01) e achégase tamén á media da USC, que foi de 87,35% (2501099_MedUSC_2016-2017);
- a taxa de avaliación pasou de 86,50% en 2015-2016 a 87,94% en 2016-2017 (IN36-S01-PM-01), achegándose á media da USC, que foi 89,66% (2501099_MedUSC_2016-2017);
- a taxa de graduación pasou de 43,96% en 2015-2016 a 50% en 2016-2017 (IN37-S01-PM-01), achegándose á media da USC, que foi de 56,83% (2501099_MedUSC_2016-2017), e por riba da expectativa na Memoria de Verificación (50%);
- a taxa de abandono durante o primeiro curso empeorou lixeiramente, pois pasou de 16,50% en 2015-2016 a 17,20% en 2016-2017 (IN40-S01-PM-01), pero aínda así mantense preto da media da USC, que foi de 14,48% (2501099_MedUSC_2016-2017);

- a taxa de abandono RD 1393/2007 mellorou considerablemente no curso 2016-2017, ao pasar de 28,45% en 2015-2016 a 22,92% en 2016-2017 (IN41-S01-PM-01), practicamente no nivel da media da USC, que foi de 22,56% (2501099_MedUSC_2016-2017);
- a duración media dos estudos aumentou en 2016-2017 e pasou de 4,76 en 2015-2016 a 5,14 en 2016-2017 (IN38-S01-PM-01), pero mantense preto da media da USC, que foi de 4,97 (2501099_MedUSC_2016-2017).

No Criterio 6, Apartado 6.1 inclúese unha análise máis exhaustiva dos indicadores de resultados da aprendizaxe desglosados por cursos e materias cando é preciso.

INDICADORES DE RESULTADOS E ACCIÓNS DE MELLORA

Estes resultados son tidos en conta á hora de mellorar a posta en práctica do plan de estudos. No IRA GLLI 2015-2016 ofrécese un breve percorrido polas actuacións levadas a cabo como consecuencia da análise periódica destes resultados con anterioridade ao curso 2016-2017 (pp. 56-57) e de seguido ofrécese un resumo das actuacións realizadas en 2016-2017 orixinadas no seguimento dos indicadores de resultados analizados no IRA GLLI 2015-2016. Froito da análise destes indicadores de resultados foi a proposta dunha Acción de Mellora no IRA GLLI 2015-2016 (AM-05) consistente en (a) solicitude de información relevante sobre os motivos reais do desequilibrio entre a alta taxa de éxito da materia TFG e as baixas taxas de avaliación e rendemento na mesma materia, que ademais condicionan a taxa de graduación (AM-5.1), e (b) envío dunha mensaxe de correo electrónico aos titores e alumnos da materia TFG recordándolles a idoneidade de fixar con antelación un calendario de traballo adecuado para a realización do TFG (AM-5.2) (IRA GLLI 2015-2016, pp. 74-75). Neste mesmo Informe de Renovación da Acreditación (IRA GLLI 2015-2016) quedou constancia da execución completa da Acción de Mellora 3 do *Informe de Seguimento* do curso 2014-2015 motivada pola baixa taxa de graduación no GLLI durante o curso 2014-2015, consistente na recomendación formal por correo electrónico a alumnos de TFG e titores encargados da dirección de traballos na que se insistía na necesidade de programar adecuadamente o proceso de elaboración do TFG a desenvolver ao longo do ano académico (IRA GLLI 2015-2016, p. 81). Do mesmo xeito, queda tamén constancia no IRA GLLI 2015-2016 da realización parcial da Acción de Mellora 4 do *Informe de Seguimento* do curso 2014-2015 (AM-04 do IS_2014-2015) motivada polas elevadas taxas de abandono (IN40G-S01-PM-01 e IN41G-S01-PM-01) do GLLI e consistente en (a) identificación das causas do abandono, obtendo información dos estudantes e a través da comparación coas porcentaxes acadadas noutros títulos (AM-4.1 do IS_2014-2015) e (b) busca e posta en marcha de estratexias, derivadas das reflexións levadas a cabo na tarefa 1, para mellorar as taxas de abandono na titulación (AM-4.2 do IS_2014-2015) (IRA GLLI 2015-2016, pp. 96-97). A primeira tarefa desta Acción de Mellora foi completada no período indicado e, a pesar da evolución claramente positiva da taxa de abandono do GLLI, que pasou de 41,86% en 2013-2014 a 37,84% en 2014-2015, 28,57% en 2015-2016 e 22,92 en 2016-2017 (media de USC 22,56), a segunda tarefa está en proceso. A evolución desta taxa no curso 2016-2017 segue a confirmar o que xa se constatou no IRA GLLI 2015-2016, é dicir, o acerto da reflexión relativa á Evidencia 19 do *Informe de Seguimento* do curso 2014-2015, recollida na Acta da Comisión da Titulación de GLLI do 17/11/2015, onde se fixo constar o vínculo evidente entre a alta taxa de abandono e o elevado número de estudantes da cohorte de ingreso do curso correspondente:

o valor desta taxa para o curso 2014-15 calcúlase sobre unha cohorte de novo ingreso de 185 estudantes correspondente ao curso 2010-11 cando, como xa indicamos máis arriba a ausencia dunha limitación de prazas causou un descenso moi significativo na porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con nota igual ou superior a 6 (IN07G-PC-05 "Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con nota media igual ou superior a 6"), o que ademais nos leva a supoñer -xa que non contamos con eses datos- que a nota media de acceso por preinscripción sería considerablemente máis baixa que a dos cursos seguintes (7,73 en 2011-12, 8,67 en 2012-13, 8,28 en 2013-14, 8,04 en 2014-15) e que a relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas (IN10G-PC-05 "Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)") sería probablemente (moi) inferior á dos cursos seguintes (58% en 2011-12, 85% en 2012-13, 86% en 2013-14 e 88% en 2014-15), o que indicaría que moitos dos estudantes desta cohorte tiñan como primeira opción outros estudos diferentes aos da titulación en Lingua e Literatura Inglesas, feito que podería xustificar unha maior predisposición ao abandono entre os estudantes desta cohorte. (E5-GLLI-Actas Comisión Título GLLI 2014-

2016 (pdf)

Os datos dos últimos anos parecen corroborar que se teñen corrixido con acerto as causas das excesivas taxas de abandono nos cursos 2013-2014 e 2014-2015 e, polo tanto, a situación é xa de normalidade.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

SATISFACCIÓN DO ALUMNADO COA DOCENCIA RECIBIDA

O grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida descendeu lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 3,93 en 2015-2016 a 3,84 en 2016-2017 (IN46-S01-PM-01), pero tal descenso é escaso e, polo tanto, pouco significativo, xa que de feito este valor é moi similar ao de cursos anteriores (3,83 en 2014-2015). O aspecto mellor valorado polos alumnos foi "Resolve as dúbidas que se lle formulan", que acadou un 4,23, seguido por outros tres ítems que obtiveron valores superiores a 4: "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto" foi valorado en 2016-2017 cun 4,10, "Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación" obtivo un 4,09 e "Explica a programación da materia..." acadou un 4,06. Moi preto do 4 situáronse os valores obtidos por 3 aspectos: "A axuda recibida nas titorías foime de utilidade" acadou un 3,9, "Globalmente estou satisfeito con profesor/a..." obtivo un 3,87 e "Motiva a participación crítica e activa dos estudantes..." acadou un 3,81. O aspecto peor valorado non baixou do 3,51 e foi o que fai referencia á coordinación entre os distintos profesores da materia: este é ademais o aspecto no que a valoración do alumnado dista moito da do profesorado, o que suxire que ás veces se dá escasa visibilidade ao traballo de coordinación que realmente existe. O resto dos ítems obtiveron valoracións entre 3,61 e 3,77 o que suxire un relativamente alto grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (2501099_INF.13_2016-2017). De novo, cómpre salientar que os aspectos mellor valorados son precisamente aqueles que se refiren ao cumprimento da programación docente e, especialmente, os que se refiren á boa relación establecida entre docentes e alumnado, o que subliña a boa saúde das relacións entre estes dous grupos de interese no caso do GLLI. Resulta ademais importante indicar o progresivo aumento na porcentaxe de participación do alumnado na enquisa de satisfacción, que pasou de 38,58% en 2015-2016 a 42,88% en 2016-2017 (IN48-PM-02), o que non só ratifica a crecente fiabilidade dos resultados, senón tamén corrobora o efecto positivo das Accións de Mellora consolidadas como boas prácticas dirixidas a promover a participación nestas enquisas, segundo o compromiso establecido no documento *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y literatura inglesas* en resposta ao *Informe provisional de evaluación para la renovación de la acreditación* (p. 7-8).

Os alumnos do GLLI que defenderon o seu TFG no curso 2016-2017 tamén amosaron un alto grao de satisfacción na relación establecida cos titores do TFG (4,14) e nas valoracións globais da realización do TFG (3,96), do sistema de avaliación empregado (3,78) e da información recibida sobre o TFG (3,18). Este último aspecto referente á información foi o peor valorado, especialmente no que respecta á información ofrecida polo Centro, aínda que os resultados quedan matizados polo feito de que un 31% dos enquisados que declararon que a información ofrecida polo Centro era insuficiente indican que foi o titor quen lles proporcionou directamente a información necesaria para facer o TFG e un 21% sinalan que puideron conseguir a información por outras vías, de xeito que só un 31% declarou abertamente que a información ofrecida polo Centro non lle foi útil para realizar o TFG (I4_Enquisa Satisfacción TFG_2016-2017). Ata o curso 2016-2017 incluído, os trámites relacionados coa

elaboración do TFG leváronse a cabo en papel, o que supoñía que moita da documentación que se ía xerando ao longo do curso non estaba dispoñible na rede inmediatamente, xa que requiría que os documentos foran entregados en persoa e despois escaneados. Esperamos que a posta en marcha na Facultade de Filoloxía da aplicación deseñada para a tramitación dos TFG permita mellorar este aspecto relacionado coa dispoñibilidade na rede de información puntual e persoal en cada momento do proceso de elaboración e defensa dos TFG. A valoración da satisfacción manifestada polos estudantes nesta enquisa con respecto ás competencias adquiridas foi analizada no CRITERIO 6, apartado 6.1 do presente informe (p. 39).

SATISFACCIÓN DO ALUMNADO COA TITULACIÓN

A baixa porcentaxe de participación do alumnado nesta enquisa (14,94%) debido á novidade da súa aplicación non permite garantir a representatividade dos seus resultados. No presente *Autoinforme de seguimento* inclúese unha Acción de Mellora co obxectivo de incrementar a participación na enquisa. Cómpre subliñar de todos os xeitos que os valores acadados nos aspectos referentes á orientación ao alumnado, planificación e desenvolvemento das ensinanzas, recursos materiais e servizos, resultados e xestión de calidade superan a media da USC: dos 18 ítems da enquisa só 3 son lixeiramente inferiores á media da USC. Isto parece indicar que aínda que as valoracións non son moi altas, melloran en ocasións amplamente as valoracións medias do alumnado da USC. Dos 3 valores inferiores á media da USC só 2 baixaron do 2,5: os horarios e o calendario de avaliación (2501099_INF.22_2016-2017). Como xa se comentou no CRITERIO 5, apartado 5.1, a variedade de titulacións e mencións ofertada polo Centro, xunto coa modulariedade dos estudos, complica a organización do horario e das probas de avaliación, que probablemente provoca unha percepción negativa destes aspectos por parte do alumnado. Pero, por outra banda, o alumnado parece demandar esa variedade, se temos en conta que (a) cerca dun 30% (no caso do GLLI) e un 47% (no caso da Facultade de Filoloxía en conxunto) dos estudantes enquisados tras defender o seu TFG optaron pola modalidade Minor e (b) o reparto dos alumnos do GLLI nun total de 12 módulos complementarios: o Informe sobre a enquisa de TFG amosa que os estudantes do GLLI se reparten dun xeito relativamente uniforme nos módulos complementarios: o 20% optaron por Lingua e literatura españolas, o 14% por Estudos literarios na actualidade, o 12% polo Módulo básico de Lingua e literatura italianas, o 10% por Lingua e literatura francesas, Lingua e literatura alemás e Lingüística e procesamento das linguas foron a elección do 8% respectivamente, o 6% optaron por Linguas e comunicación, 4% foi a porcentaxe de Estudos lusófonos e Aplicacións teórico-comparadas e, finalmente, un 2% optou por Filoloxía clásica e outro 2% por Introducción á Filoloxía románica. Poder manter esta variedade de oferta (da que os estudantes de feito fan uso) ten como contrapartida a complicación dos horarios e calendarios de probas de avaliación.

SATISFACCIÓN COS PROGRAMAS DE MOBILIDADE

O grao de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade mantívose estable en 2016-2017 con respecto ao curso anterior, xa que o valor foi nos dous casos o mesmo: 3,65 (IN15-PC-08). De novo, os valores máis altos e os que superan os valores medios da USC están principalmente relacionados coa universidade de acollida: a valoración da atención e acollida na universidade de destino acadou un 4,5 en 2016-2017 (fronte ao 3,87 de media da USC), as infraestruturas e materiais dispoñibles na universidade de destino foron tamén valorados cun 4,50 (fronte 3,89 na media da USC); tamén obtivo un 4,50 a resposta ao ítem "Recomendarías este destino" (fronte ao 4,29 da media da USC), a formación recibida na universidade de destino obtivo unha valoración de 4,43 (fronte ao 3,8 da media da USC), e o grao de satisfacción xeral co programa de mobilidade foi de 4,29 (fronte ao 4,34 de media da USC). O resto dos valores que superan a media da USC son a valoración da orientación recibida polo/a Coordinador/a na USC, que acadou un 4,43 fronte ao 3,18 da media da USC, a valoración do apoio e coordinación das institucións durante a estancia foi de 3,64, fronte ao 3,27 da media da USC, e a valoración da preparación lingüística foi de 3,67, fronte ao 3,4 da media da USC. Os aspectos peor valorados seguen a ser os relacionados cos trámites de solicitude, acordo de estudos e recoñecemento dos estudos realizados: os trámites para a solicitude e adxudicación obtiveron unha valoración de 3,14, fronte ao 3,56 da media da USC, a elaboración do acordo de estudos na USC acadou unha valoración de 3, fronte ao 3,16 da media da USC (neste caso é importante resaltar que o valor do título está próximo á media da USC e que mellorou considerablemente con respecto ao curso 2015-2016, cando fora de 2,73), e a valoración do recoñecemento académico na USC foi tan só de 2,92, fronte ao 3,24 de media da USC. A pesar dos esforzos patentes realizados polo Centro a través do seu PAT para dar satisfacción á demanda de información dos alumnos sobre os programas de mobilidade, a información previa ofrecida polo Centro é a peor valorada (2,77) entre as fontes de información mencionadas na enquisa (Servizo de

Relacións Exteriores 3,67, Oficina de Información Universitaria 3,08, outras fontes 2,9) (2501099_INF.04_2016-2017).

Non contamos con indicador sobre a satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (IN16-PC-08) nin co informe sobre a enquisa de satisfacción deste grupo de interese (2501099:INF.05_2016-2017), o que suxire que non se obtivo ningunha resposta no curso 2016-2017, situación que se repite por segundo ano consecutivo. Para facer fronte a esta situación propúxose unha Acción de Mellora no IRA GLLI 2015-2016 (AM-12), que requiría que a coordinadora da titulación se puxera en contacto cos coordinadores dos programas de mobilidade para recordarlles que informaran ao alumnado entrante sobre a importancia de participar nas enquisas para coñecer a súa opinión. Tal Acción de Mellora non se levou a cabo por falta de información sobre o período de realización destas enquisas. É por iso que se propón no presente informe unha nova Acción de Mellora organizada en dúas tarefas (vid. sección Plan de Melloras, apartado 3.1). A participación nesta enquisa resulta ademais de vital importancia para conseguir información que poda axudar a razoar e buscar solucións para o proceso de perda de alumnado estranxeiro entrante por medio de programas de mobilidade co contexto do GLLI.

SATISFACCIÓN COAS PRÁCTICAS EXTERNAS

O grao de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas descendeu lixeiramente en 2016-2017 con respecto ao curso anterior pasando de 4,31 en 2015-2016 a 4 en 2016-2017 (IN19-PC-09). O descenso non parece significativo e, de feito, a valoración segue a ser moi superior á acadada no cursos anteriores (3 en 2014-2015 e 2,14 en 2013-2014). Os ítems valorados cun 5 foron os referentes á utilidade das prácticas externas na formación, ás instalacións e medios materiais e á atención recibida por parte do titor de prácticas externas. En xeral todos os aspectos obtiveron unha valoración satisfactoria agás a información e orientación ofrecidas polo titor académico que acadou un 2, moi por debaixo da media da USC (4,08) e da valoración do curso anterior (3,88 en 2015-2016). A situación probablemente poida explicarse se se ten en conta que durante o curso 2016-2017 se produciron cambios importantes como foron a creación da Comisión de prácticas externas e a asignación de novos titores académicos para substituír ao membro do equipo decanal que viña facendo este labor para todas as titulacións, quen ademais cesou no cargo. Aínda que todos estes cambios acabarán redundando nunha mellora deste aspecto da formación ofertada no Centro, no curso 2016-2017 produciuse algún desaxuste que foi debidamente solventado para evitar desaxustes futuros. Probablemente, esta situación estea tamén vencellada ao descenso na porcentaxe de participación na enquisa que pasou do 100% en 2015-2016 ao 25% en 2016-2017, o que en números absolutos implica que só un alumno respondeu á enquisa (2501099_INF.06_2016-2017). Tal descenso fai evidente a pertinencia do compromiso establecido no documento *Alegacións y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas* en resposta ao *Informe provisional de evaluación para la renovación de la acreditación* onde se especificou a conveniencia de manter como boas prácticas as Accións de Mellora recollidas en Informes de seguimento anteriores tendentes á procura dunha mellora na porcentaxe de participación nas enquisas (AM-1 do *Informe de Seguimento 2012-2013*, AM-8 do *Informe de Seguimento 2013-2014*, AM-2 do *Informe de Seguimento 2014-2015*) (p.7). Este aspecto foi incluído no *Informe final de evaluación para la renovación de la acreditación* onde se fai referencia á Acción de Mellora 2 (AM-02) do *Informe de Seguimento 2014-2015* (p.6), de xeito que esperamos que estas baixas taxas de participación melloren no curso actual 2017-2018, no que, respondendo ás recomendacións dos informes provisional e final de avaliación para a renovación da acreditación, se están a consolidar estas Accións de Mellora como boas prácticas.

A satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas tamén descendeu no curso 2016-2017, aínda que o valor segue sendo satisfactorio (4) (IN20-PC-09). Os aspectos mellor valorados polos titores externos foron o grao de cumprimento das actividades asignadas e o grao de satisfacción xeral con respecto á comunicación e coordinación cos responsables académicos (ambos obtiveron un 5), a formación inicial teórica-práctica do alumnado e o grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado (ambos acadaron un 4). A valoración dos tres primeiros aspectos foi ademais superior á da media da USC (4,6; 3,68; 3,8 respectivamente). Os aspectos peor valorados foron polo tanto a integración do alumnado no medio de traballo (3) e a formación inicial en competencias profesionais (3). Coma no caso dos alumnos, a porcentaxe de participación nesta enquisa descendeu considerablemente con respecto ao curso anterior pasando de 100% en 2015-2016 a 25% en 2016-2017, o que en números absolutos supón que só un titor profesional respondeu á enquisa (2501099_INF.07_2016-2017). Como se reflexiona no parágrafo anterior, este descenso fai evidente a necesidade de manter o compromiso de transformar en boas prácticas as Accións de Mellora incluídas en informes de seguimento anteriores (AM-1 do

Informe de Seguimento 2012-2013, AM-8 do Informe de Seguimento 2013-2014, AM-2 do Informe de Seguimento 2014-2015), algo que xa se realizou parcialmente no curso 2016-2017 no caso das enquisas sobre docencia e se está a realizar plenamente no presente curso 2017-2018.

O grao de satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas foi óptimo (5) (IN21-PC-09). Todos os aspectos da enquisa foron valorados cun 5, e resultaron superiores á media da USC. A porcentaxe de participación na enquisa foi do 50%, o que en números absolutos significou que se obtivo unha resposta. Neste caso o resultado mellora o do curso anterior cando non houbo ningunha resposta (2501099_INF.08_2016-2017).

SATISFACCIÓN EGRESADOS

A satisfacción xeral dos egresados coa titulación mantense nun nivel moi próximo ao do curso anterior, pasando de 3,36 en 2015-2016 a 3,32 en 2016-2017, que non supón unha diferenza moi significativa (IN42-S01-PM-01). Tampouco hai unha grande variación nos valores da satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, que pasaron de 3,07 en 2015-2016 a 2,92 en 2016-2017 (IN23-PC-12). Cerca da metade dos valores acadados na enquisa aos egresados superan a media da USC: a valoración da formación teórica acadou un 4 fronte á media da USC que foi de 3,56, a contribución da titulación á capacidade de comunicación oral e escrita obtivo un 4 fronte ao 3,35 de media da USC, a contribución da titulación á capacidade de transmitir información, ideas... acadou un 3,8 fronte ao 3,86 da media da USC, a contribución das prácticas externas obtivo un 5 fronte ao 3,82 da media da USC, a contribución dos programas de mobilidade obtivo un 5 fronte ao 4,13 de media da USC, a satisfacción global co profesorado foi de 3,2 fronte ao 3,05 de media da USC, a adecuación dos horarios, calendario etc. obtivo un 2,9 fronte ao 2,84 de media da USC, a información e apoio recibidos nas xornadas de benvida etc. acadou un 3,10 fronte ao 2,84 de media da USC, a satisfacción coas infraestruturas e materiais dispoñibles no centro obtivo un 4 fronte ao 2 de media da USC, a biblioteca acadou un 4,5 fronte ao 4 de media da USC, o servizo de cafetería e comedor obtivo un 3,9 fronte ao 3,61 de media da USC, e a información ofrecida pola facultade acadou un 3,3 fronte ao 3,18 de media da USC. O resto dos valores están por debaixo da media da USC pero a diferenza é na maioría dos casos tan escasa que non parece resultar significativa, agás no caso da valoración da formación práctica, que acadou un valor de 2,30 fronte ao 3,64 de media da USC e a contribución da titulación á capacidade de traballo en equipo que obtivo unha valoración de 2,8 fronte ao 3,5 de media da USC. Este é o primeiro curso no que se observa tal discrepancia: no caso da formación práctica, no curso 2015-2016 a valoración da titulación foi de 2,34 e a media da USC foi de 2,67 e, no caso da capacidade de traballo en grupo, a valoración da titulación foi de 3,5 e a media da USC 3,44. De manterse esta tendencia tan acusada en cursos vindeiros este aspecto debería de ser obxecto de reflexión e probablemente de proposta dalgunha Acción de Mellora. Coma no caso das enquisas de prácticas externas, a porcentaxe de participación tamén descendeu considerablemente pasando de 46,77% a 16,95% (2501099_INF.09_2016-2017). Este descenso foi razoada no CRITERIO 1, apartado 1.1 e corrobora de novo a necesidade de consolidar como boas prácticas as Accións de Mellora propostas en informes de seguimento anteriores (AM-1 do *Informe de Seguimento 2012-2013*, AM-8 do *Informe de Seguimento 2013-2014*, AM-2 do *Informe de Seguimento 2014-2015*), labor que xa se realizou parcialmente no curso 2016-2017 (no caso das enquisas sobre docencia recibida e impartida) e se está a realizar plenamente no presente curso 2017-2018.

SATISFACCIÓN DO PROFESORADO COA DOCENCIA IMPARTIDA

O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida mellorou moi lixeiramente no curso 2016-2017 situándose en 3,9 fronte ao 3,85 do curso 2015-2016 (IN47-S01-PM-01), de xeito que resulta bastante equilibrado coa valoración da satisfacción do alumnado coa docencia recibida (3,84). Resulta chamativo que, como anunciamos máis arriba, o aspecto mellor valorado entre o profesorado é precisamente o peor valorado entre o alumnado: a coordinación dos/as distintos/as profesores/as dunha materia acadou un 4,33 entre o profesorado fronte ao 3,51 entre o alumnado. A única explicación posible é a escasa visibilidade do esforzo de coordinación de profesores dentro dunha mesma materia cara ao alumnado. Outro resultado que contrasta entre estas dúas enquisas é o relativo á participación do alumnado no desenvolvemento das clases: este é un dos aspectos peor valorados polo profesorado cun 3,54, mentres que o alumnado pola súa parte si recoñece o esforzo do docente por motivar a participación crítica nas clases valorando este ítem cun 3,81, do que podemos concluír que, a pesar dos esforzos do profesorado neste senso e a boa sintonía entre profesorado e alumnado, aínda resulta difícil para o alumnado participar activamente nas clases. A boa relación establecida entre profesorado e alumnado é o segundo

aspecto mellor valorado polo profesorado cun 4,28, bastante similar á valoración do alumnado da actitude receptiva do profesorado (4,09). Hai outros dous aspectos na enquisa de satisfacción coa docencia impartida que superan o 4: a valoración dos recursos do centro foi de 4,03 e a valoración do nivel de coñecemento por parte do profesorado do nivel do alumnado foi de 4,01. Preto do 4 están as valoracións obtidas por catro aspectos: o material e servizos de apoio acadou un 3,98, a satisfacción global co traballo realizado polo alumnado nas clases obtivo un 3,96, e tanto a actitude de interese cara á materia do alumnado como a coordinación das distintas materias acadou un 3,82. O aspecto peor valorado polo profesorado en 2016-2017 como en cursos anteriores foi o nivel co que chega o alumnado que acadou unha valoración de 3,33; tal valor foi sen embargo superior ao dos anos anteriores: 3,28 en 2015-2016 e 3,10 en 2014-2015, algo que podería estar vinculado, polo menos entre os estudantes de primeiro curso, co aumento do nivel académico dos alumnos de novo ingreso por preinscrición (2501099_INF.14_2016-2017). É importante subliñar o aumento na porcentaxe de participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida, que pasou de 40,14 en 2015-2016 a 43,65 en 2016-2017 (2501099_INF.14_2016-2017), probablemente como resultado das Accións de Mellora referentes a este aspecto, consolidadas xa como boas prácticas.

SATISFACCIÓN DO PDI COA TITULACIÓN

A taxa de resposta desta nova enquisa non foi alta (30,56%), pero si superou a taxa de resposta do alumnado na enquisa similar. O grao de satisfacción manifestado por este grupo de interese coa titulación foi alta. De feito, oito dos aspectos valorados superaron o 4: a dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación (4,46), a información pública dispoñible sobre a titulación (4,27), a información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos (4,18), as plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia (4,18), as competencias do plan de estudos (4,09), a organización temporal das materias do plan de estudos (4,09), as aulas e o seu equipamento (4,09), os horarios da titulación (4). Sete valores estiveron moi preto do 4: os espazos destinados ao traballo autónomo do alumnado (salas de estudos, aulas de informática...) (3,91), os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (3,89), a difusión das actividades extracurriculares entre o alumnado (información das actividades culturais, deportivas, sociais...) (3,89), o desenvolvemento das ensinanzas da titulación (3,82), a coordinación entre as materias do plan de estudos (3,73), as accións de orientación ao alumnado da titulación (3,82), o calendario de probas de avaliación (3,73). A valoración do resto dos aspectos foi inferior a 3,7, pero só nun caso baixou do 3,5, polo que o grao de satisfacción se pode considerar positivo: as vías de participación na mellora da calidade da titulación (3,64), a proporción entre as sesións teóricas e as prácticas na titulación (3,64), a coherencia dos criterios de asignación da docencia coa capacitación do persoal (3,64), a información dispoñible en relación coa calidade (3,6), as canles para realizar queixas, suxestións e /ou parabéns (3,5), a orientación profesional e laboral ao alumnado da titulación (3,55), as competencias adquiridas polo alumnado (3,55) e a adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do alumnado (3,46).

SATISFACCIÓN DO PDI COAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

O grao de satisfacción do PDI coas actividades formativas foi elevado e non mostrou variacións importantes con respecto ao curso 2016-2017, sendo a valoración media en 2016-2017 4,30 e en 2015-2016 4,43 (5040_INF.10_2016-2017), polo que a reflexión levada a cabo no IRA GLLI 2015-2016 parece seguir plenamente vixente (vid CRITERIO 4, apartado 4.1).

SATISFACCIÓN DO PAS

A enquisa de satisfacción do PAS no Centro tampouco amosa diferenzas significativas con respecto ao curso 2015-2016 e con respecto á media da USC: os resultados son, en xeral, positivos e próximos á media da USC; a valoración global do traballo foi 3,60 en 2016-2017, fronte a 3,67 en 2015-2016 e 3,81 de media na USC (5040_INF.21_2016-2017) (ver CRITERIO 4, apartado 4.2).

SATISFACCIÓN MEDIA DO PAS COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

O PAS da USC está en xeral satisfeito coas actividades formativas desenvolvidas e a enquisa do curso 2016-2017 non amosa variacións significativas con respecto á enquisa de 2015-2016 (5040_INF.11_2016-2017) (ver

CRITERIO 4, apartado 4.2).

SEGUIMIENTO DOS INDICADORES DE SATISFACCIÓN

Os informes das enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese son analizados anualmente pola Comisión do GLLI e a Comisión de Calidade do Centro nos procesos de elaboración dos informes de seguimento anuais da titulación. As conclusións de tales reflexións están recollidas nas actas das reunións destas comisións, nos Informes de Seguimento e nas Memorias de Calidade do Centro. Aínda que os resultados das enquisas sexan xeralmente satisfactorios, en ocasións deron orixe a Accións de Mellora recollidas nos Informes de Seguimento, como se amosa no IRA GLLI 2015-2016 (p. 61). No propio IRA GLLI 2015-2016 recolléronse varias Accións de Mellora (moitas delas completadas no curso 2016-2017) que pretendían dar resposta a algún dos aspectos avaliados nas enquisas de satisfacción:

- a Acción de Mellora 1 (AM-01) ten como propósito a mellora na coordinación de materias da mesma área de coñecemento;
- a Acción de Mellora 3 (AM-03) procura a mellora da satisfacción dos alumnos coa información recibida a través do adiamento da sesión de información sobre TFG;
- a Acción de Mellora 4 (AM-04) pretende mellorar a enquisa de satisfacción dirixida aos alumnos que defenden o seu TFG;
- a Acción de Mellora 6 (AM-06) ten o propósito de organizar un PAT para a Facultade de Filoloxía que sirva para mellorar as diversas actividades e sesións informativas para o estudantado;
- a Acción de Mellora 7 (AM-07) busca a procura de melloras na información pública;
- a Acción de Mellora 8 (AM-08) ten o propósito de mellorar as infraestruturas;
- a Acción de Mellora 9 (AM-09) pretende melloras no programa de prácticas externas;
- a Acción de Mellora 10 (AM-10) pretende mellorar a formación ofrecida ao PDI;
- a Acción de Mellora 11 (AM-11) pretende mellorar as actividades de formación dirixidas ao PAS;
- a Acción de Mellora 12 (AM-12) pretende promover a participación nas enquisas para obter información que poida explicar o descenso no número e na porcentaxe de estudantes entrantes con programas de mobilidade (dado que esta Acción de Mellora non foi executada no presente Autoinforme, propónse unha nova Acción de Mellora dividida en dúas tarefas, como se pode apreciar na sección Plan de Melloras, apartado 3.1).

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

RESULTADOS DE INSERCIÓN LABORAL

Non contamos con información completa sobre os datos de inserción laboral dado que, coma no caso do IRA GLLI 2015-2016, non dispoñemos dos indicadores IN43G-S01-PM-01, IN44G-S01-PM-01, IN45G-S01-PM-01. Tampouco contamos cos resultados de inserción laboral do SIIU actualizados, así que recordaremos no presente informe as conclusións referentes a estes resultados incluídas no IRA GLLI 2015-2016 para a cohorte de

egresados en 2013-2014. Tales resultados non eran os máis desexables, pero si indicaban unha evolución positiva, dado que tanto a taxa de contratos indefinidos como a xornada laboral e o grupo de cotización seguían un proceso de mellora que parecía prometer un futuro esperanzador:

- a taxa de contratos indefinidos pasou do 14% no primeiro ano ao 25% no segundo;
- a porcentaxe de contratados a tempo completo pasou de 12,5% no primeiro ano a 25% no segundo, e a contratación por menos de media xornada descendeu do 75% no primeiro ano a 58,3% no segundo;
- a porcentaxe de contratados no grupo de cotización baixo e manual descendeu de 17,5% no primeiro ano a 16,7% no segundo (2501099_EIL-SIIU_2015-2016).

<u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG www.usc.es/gl/centros/filoloxia/graos/grao_ingles/grao_ingles.html Web do Centro
Todos	E2	Informes de Verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG Web do Centro http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1 E3_GLLI_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro_2016-2017
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	E5_GLLI_Actas Xunta Facultade_2016-2017 E5_GLLI_Actas CCC_2016-2017 E5_GLLI_Actas CTG_2016-2017 E5_GLLI_Actas Comisión GLLI_2016-2017 E5_GLLI_Actas Comisión Prácticas Externas_2016-2017 E5_GLLI_Actas Comisión Docencia_2016-2017
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	E6_GLLI_Recoñecemento de créditos_2016-2017
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do	Autoinforme, Criterios 1 e 6

		perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501099_P.Ind_2016-2017
			2501099_INF.16_2016-2017
			2501099_INF.CiUG_2016-2017
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501099_P.Ind_2016-2017
			5040_INF.03_2016-2017
2	E9	Páxina web da universidade/centro /título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e	Web do Centro E11_GLLI_Memoria Oar_2016-2017

		melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E1 2	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E1 3	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501099_P.Ind_2016-2017
			2501099_INF.04_2016-2017
			5040_INF.05_2016-2017
			2501099_INF.06_2016-2017
			2501099_INF.07_2016-2017
			2501099_INF.08_2016-2017
			2501099_INF.09_2016-2017
			2501099_INF.10_2016-2017
			5040_INF.11_2016-2017
			2501099_INF.13_2016-2017 I4_GLLI_Informe Satisfacción TFG_2016-2017 I4_FFiloxía_Informe Satisfacción TFG_2016-2017
			2501099_INF.14_2016-2017
			5040_INF.21_2016-2017
			2501099_INF.22_2016-2017
2501099_INF.23_2016-2017			

3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501099_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501099_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5040_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	16	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2016-2017
4	17	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2016-2017
4	18	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501099_INF.13_2016-2017
			2501099_INF.14_2016-2017
4	110	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de	5040_I10_2016-2017

		profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	E20_GLLI_Centros Prácticas Externas_2016-2017
5	I11	Distribución de alumnado por centros de prácticas	I11_GLLI_Distribución_de_estudantes_por_centros_de_prácticas_2016-2017
5	E22	Materiais didácticos e/tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	E24_GLLI_Listaxe TFG_2016-2017
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501099_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título	Autoinforme, Criterio 7

		(incluídos indicadores inserción laboral e SIU)	
6,7	112	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaríanse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaríanse tamen por materia):	2501099_P.Ind_2016-2017
		- Taxa de graduación	2501099_INF.17_2016-2017
		- Taxa de abandono	2501099_INF.18_2016-2017
		- Taxa de eficiencia	2501099_INF.19_2016-2017
		- Taxa de rendemento	112_GLLI_Materias Superadas agás TFG_2016-2017
		- Taxa de éxito	5040_SIU_2016-2017
7	113	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501099_P.Ind_2016-2017
			2501099_INF.CiUG_2016-2017
7	114	Resultados de inserción laboral	2501099_EIL-SIU_2016-2017

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
-Converter o módulo complementario "Filoloxía Clásica I" en módulo optativo e denominalo "Filoloxía Clásica II". -Converter o módulo optativo "Filoloxía clásica II" en módulo complementario e denominalo "Filoloxía clásica II".	Este cambio permite que o módulo dedicado ás literaturas non teña que ser cursado con posterioridade ao módulo dedicado ás linguas. O intercambio de status de ámbolos módulos aumentaría o atractivo do Minor en Filoloxía clásica e permitiría facilitar o seu acceso a estudantes doutras titulacións filolóxicas, pois coa modificación proposta a escolla de módulo complementario non esixiría que o alumnado que o cursase tivese coñecementos de linguas antigas. Hai que ter en conta que as literaturas gregas e latinas explícanse utilizando traducións de textos clásicos, polo

	que non se require coñecemento previo das linguas respectivas.
--	--

PLAN DE MELLORAS

1. Accións de Mellora derivadas da implantación do título no curso 2016-2017

O que segue son as Accións de Mellora que serán introducidas na aplicación.

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-01_IS do GLLI_2016-2017
Orixe	<i>Autoinforme de seguimento do GLLI 2016-2017</i>
Ámbito de aplicación	CRITERIO 7, <i>Indicadores de satisfacción e rendemento</i>
Análise causa	Detéctase baixa participación nas novas enquisas de satisfacción do alumnado e profesorado coa titulación.
Definición/ descrición proposta	Envío de información sobre estas enquisas para animar tanto ao alumnado como ao profesorado a participar nelas.
Datas	01/04/2018-31/07/2018
Estado/Eficacia	
Responsables	Susana María Jiménez Placer (Coordinadora do GLLI)
Tarefa1	
Descrición tarefa	
Data prevista de finalización	
Responsable	
Estado	
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	

Data Comprobación	
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCIONES DE MEJORA</u>	
Código	AM-02_IS do GLLI_2016-2017
Orixe	<i>Autoinforme de seguimento do GLLI 2016-2017</i>
Ámbito de aplicación	CRITERIO 4, <i>Recursos humanos</i>
Análise causa	Detéctase falta de información sobre a satisfacción do profesorado encargado da materia TFG.
Definición/ descrición proposta	Consulta á ACMP sobre a posibilidade de incluír algunha pregunta a este respecto na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida.
Datas	Maio-xuño 2018
Estado/Eficacia	
Responsables	Susana María Jiménez Placer (Coordinadora do GLLI)
Tarefa1	
Descrición tarefa	
Data prevista de finalización	
Responsable	
Estado	
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	

Data Comprobación	
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-3
Orixe	AM-12 do IRA GLLI 2015-2016; <i>Autoinforme de seguimento</i> GLLI 2016-2017
Ámbito de aplicación	Criterio 7, Apartado 7.2
